B3.11. Respetar los valores socialmente reconocidos, conociendo y apreciando los valores del Estatuto de autonomía y de la Constitución española y los Derechos y Deberes del Estatuto de autonomía y de la Constitución española. Conocer las instituciones, organización y servicios públicos que garantizan los derechos y deberes de los ciudadanos y ciudadanas en su entorno.	B3.11. Respetar los valores socialmente reconocidos, conociendo y apreciando los valores del Estatuto de autonomía y de la Constitución española y los Derechos y Deberes del Estatuto de autonomía y de la Constitución española. Conocer las instituciones, organización y servicios públicos que garantizan los derechos y deberes de los ciudadanos y ciudadanas en su entorno.		X					
	VSCB3.11.2. Expresa la importancia de garantizar los derechos y deberes de los ciudadanos y ciudadanas de su entorno.	X	X					
B3.12. Conocer y expresar las notas características de la convivencia democrática y la importancia de los valores cívicos en la sociedad democrática realizando razonamientos críticos	VSCB3.12.1. Expresa las notas características de la convivencia democrática.	X	X					
	VSCB3.12.2. Argumenta la importancia de los valores cívicos en la sociedad democrática.	X	X					
B3.13. Contribuir a la conservación del medio ambiente manteniendo una actitud crítica ante las faltas de respeto	VSCB3.13.1. Analiza, explica y expone causas y consecuencias de la intervención humana en el medio.		X					X
	VSCB3.13.2. Investiga críticamente la intervención humana en el medio ambiente y comunica los resultados.	X	X				X	X

ÁREA DE VALORES SOCIAIS E CÍVICOS								
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	CCL	CSC	CAA	CD	CCEC	CMCT	CSIEE
B3.14. Emplear las nuevas tecnologías desarrollando valores sociales y cívicos en entornos seguros	VSCB3.14.1. Realiza un uso ético de las nuevas tecnologías		X		X			
	VSCB3.14.2. Conoce el empleo seguro de las nuevas tecnologías.		X		X			
			X					X
B3.15. Valorar las normas de seguridad vial, analizando las causas y consecuencias de los accidentes de tráfico.	VSCB3.15.1. Colabora en campañas escolares sobre la importancia y la promoción del respeto de las normas de educación vial.		X					X
	VSCB3.15.2. Analiza información en la prensa en relación con los accidentes de tráfico.	X	X		X		X	
B3.16. Investigar sobre la prevención de accidentes de tráfico generando iniciativas y alternativas personales.	VSCB3.16.1. Desarrolla proyectos relacionados con las principales causas de los accidentes de tráfico, sobre los que se informa en diferentes medios de comunicación	X	X				X	X
	VSCB3.16.2. Reflexiona sobre el modo en el que se podrían evitar accidentes de tráfico y expone sus conclusiones	X	X					

3- CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO

Segundo o DECRETO 105/2014, do 4 de setembro os obxectivos fixados para a etapa da educación primaria son os seguintes:

a	Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, preparárense para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
b	Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
c	Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais con que se relacionan.
d	Coñecer, comprender e respectar as culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non-discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
e	Coñecer e utilizar de forma apropiada a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as dúas linguas.
f	Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
g	Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
h	Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
i	Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciban e elaboren.
j	Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
k	Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
l	Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
m	Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
n	Fomentar a educación viaria e as actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
o	Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, salientando as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

Os obxectivos para o 5º curso de primaria para cada unha das áreas son:

CIENCIAS DA NATUREZA

- Coñecer as propiedades dos materiais e da materia así como os cambios físicos e químicos desta para recoñecelos no contorno físico cotián. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia naturalista)
- Utilizar operacións matemáticas para expresar algunhas magnitudes (masa, volume, densidade) nas unidades adecuadas. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia lóxica e matemática)
- Coñecer as principais formas de enerxía, os cambios que provocan na materia, as distintas formas de obter enerxía e como usala de forma responsable. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia naturalista)
- Identificar os diversos compoñentes que se atopan presentes nunha forza e os seus efectos sobre os corpos para determinar como modifican a velocidade e a dirección do movemento, así como a maneira en que deforman os obxectos. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia naturalista)
- Distinguir entre máquinas simples e compostas (combinación adecuada de máquinas simples), e recoñecelas no contorno físico cotián. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia naturalista)
- Coñecer que a célula é a unidade estrutural básica dos seres vivos e comprender a súa importancia na organización dos tecidos, nos órganos e nos sistemas do corpo humano (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia naturalista)
- Identificar e adoptar hábitos de saúde e hixiene, así como técnicas de primeiros auxilios para previr enfermidades infecciosas e enfermidades relacionadas co bo funcionamento dos órganos e dos sistemas do corpo humano. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia naturalista)
- Identificar os órganos do sistema nervioso, do aparato locomotor e a función que realiza cada un para unha mellor comprensión do corpo humano, así como a importancia duns hábitos de saúde correctos para manter o seu bo estado. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia naturalista)
- Identificar os compoñentes dun ecosistema e as características que os definen para determinar as relacións que se establecen entre os seres vivos que habitan alí, así como as actuacións que ocasionan desequilibrios co fin de evitalas ou reducir o seu impacto. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia naturalista)
- Recoñecer as partes dunha planta, as súas funcións e a fotosíntese para valorar a importancia deste proceso na renovación do aire. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia naturalista)
- Adoptar actitudes de respecto polo medio físico e polos seres vivos que o habitan co fin de fomentar o equilibrio dinámico da natureza e o mantemento do contorno natural. (Sociais e cívicas / Intelixencia interpersoal)
- Describir fenómenos físicos de forma estruturada e co vocabulario adecuado. (Comunicación lingüística / Intelixencia lingüística e verbal)
- Iniciarse na utilización das TIC cun espírito crítico. (Dixital / Intelixencia lingüística e verbal)
- Tomar decisións reflexionando e sopesando posibilidades de maneira autónoma e responsable para facer fronte a situacións cotiás. (Iniciativa emprendedora / Intelixencia intrapersoal)
- Participar das iniciativas que xurdan do grupo cooperando como parte dun proxecto común. (Sociais e cívicas / Intelixencia interpersoal)

- Establecer conxecturas, comprobacións e conclusións respecto de feitos que suceden dunha forma natural como sobre os que ocorren cando se provocan a partir de pequenos experimentos ou experiencias.
- (Matemática. Ciencia e Tecnoloxía; Iniciativa emprendedora; Aprender a aprender / Intelixencias naturalista e intrapersoal)

CIENCIAS SOCIAIS

- Coñecer a orixe e a composición principal do Universo e do Sistema Solar. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía/Intelixencia naturalista)
- Localizar a Terra como planeta do Sistema Solar e identificar as súas características básicas, a súa estrutura, os movementos que efectúa e as súas consecuencias para a comprensión do medio que habitamos. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía/Intelixencia naturalista)
- Comprender, coñecer, manexar e interpretar os conceptos de meridiano e paralelo como liñas imaxinarias que forman un sistema de coordenadas para localizar calquera punto da esfera terrestre. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía/Intelixencia histórica e matemática e visual e espacial)
- Interpretar e describir as distintas formas de representación da Terra, a escala e os signos convencionais. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía/Intelixencia histórica e matemática, naturalista e visual e espacial)
- Determinar de maneira aproximada a hora en distintos lugares da Terra nese momento. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía/Intelixencia histórica e matemática e visual e espacial)
- Identificar os factores que caracterizan o clima e coñecer os distintos climas do mundo e de España e de Galicia, a súa localización e as súas principais características. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia naturalista e visual e espacial)
- Coñecer as causas e as consecuencias do cambio climático, e tomar conciencia das medidas para cambialas. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía; Iniciativa emprendedora / Intelixencia naturalista e intrapersonal)
- Recoñecer a importancia da Constitución española para o funcionamento do Estado español, así como os dereitos, os deberes e as liberdades que establece, e identificar as características dun Estado democrático e os seus fundamentos. (Sociais cívicas/Intelixencia interpersonal)
- Coñecer a forma de goberno de España e de Galicia, as institucións políticas máis importantes e os símbolos do Estado español e de Galicia. (Sociais e

cívicas/Intelixencia interpersonal)

- Recoñecer a organización territorial de España (comunidades e cidades autónomas, provincias e municipios), e localizar as comunidades e as cidades autónomas nun mapa de España e as súas provincias. (Sociais ecívicas/Intelixencias naturalista e visual e espacial)
- Respectar e apreciar a diversidade cultural e lingüística de España como forma de enriquecemento dunha sociedade. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía/Intelixencia naturalista)
- Coñecer a orixe da Unión Europea e a súa formación actual, as súas institucións e os seus símbolos valorando a súa riqueza e a súa diversidade cultural (Sociais ecívicas/Intelixencia interpersonal)
- Coñecer os factores que interveñen na evolución dunha poboación, os principais conceptos demográficos para calcular, representar e interpretar os datos dunha poboación. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía/Intelixencias naturalista e visual e espacial)
- Describir as características principais das poboacións galega, española e europea, así como os tipos de migración, as súas causas e as súas consecuencias. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía /Intelixencia naturalista)
- Identificar os principais feitos históricos da historia de España e de Galicia nas diversas etapas da Idade Media e a Idade Moderna, situándoos no espazo e no tempo, e destacando a importancia do reinado dos Reis Católicos entre ambas as idades. (Sociais ecívicas/Intelixencia interpersonal)
- Coñecer a orixe e a formación do reino visigodo, Al Ándalus e os reinos cristiáns. Recoñecer a importancia da convivencia das culturas musulmá, xudía e cristiá neste período histórico como elemento enriquecedor para a cultura hispánica. (Sociais e cívicas, Conciencia e expresións culturais /
- Coñecer os aspectos básicos da historia de España e de Galicia na Idade Moderna (descubrimentos xeográficos, monarquía dos Reis Católicos, auses. XVI e decadencias. XVII, Século de Ouro español, reformismo do s. XVIII) localizándoos no espazo e o tempo. (Sociais ecívicas; Conciencia e expresións culturais/Intelixencia interpersonal)

- Buscar, seleccionar, organizar información, analizarla e sacar conclusiones, reflexionar sobre procesos seguidos de comunicarlo (oral, escrito), utilizando con rigor e precisión o vocabulario axustado os temas, así como os TICs e recursos diversos na elaboración de traballos. (Comunicación lingüística; Dixital; Aprender a aprender/ Intelixencias lingüística e verbal e intrapersonal)
- Participar en actividades de grupo adoptando un comportamento responsable, construtivo (creando estratexias para resolver conflitos) e solidario, e respectando os principios básicos do funcionamento democrático. (Sociais e cívicas/ Intelixencia interpersonal)
- Mostrar autonomía ao planificar e levar a cabo accións e tarefas, e iniciativa a tomar decisións. (Iniciativa emprendedora/ Intelixencia intrapersonal).

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

- Comprender textos orais referidos a temas próximos á súa actividade cotiá e aos seus intereses, interpretando as principais relacións entre os seus elementos. Expresarse oralmente de forma adecuada nos diferentes contextos nos que se desenvolve o alumno. (*Comunicación lingüística*)
- Ler e comprender textos de tipoloxía diversa (continuos, discontinuos), de distinto xénero (narrativos, descritivos, textos da vida cotiá...) e distinto grao de complexidade, e desenvolver hábitos de lectura, como instrumentos para adquirir información e coñecemento, para elaborar o pensamento crítico e creativo e como ocio e desfrute. (*Comunicación lingüística*)
- Comprender e interpretar informacións de facturas, normas de seguridade vial, instrucións, traxectos e planos, guías turísticas, grellas de programación, horarios..., efectuando os razoamentos numéricos e xeométricos necesarios. (*Competencia matemática*)
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para escribir distintos tipos de textos segundo a finalidade e falar de forma axeitada, coherente e correcta, sabendo razoer e explicar os procesos seguidos. (*Comunicación lingüística, Aprender a aprender*)
- Relacionarse e expresarse a través da lingua de xeito adecuado na actividade escolar, social e cultural, adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación, para tomar conciencia dos propios sentimentos e ideas e para controlar a propia conduta. (*Competencias sociais e cívicas*)
- Obter información e opinións dos medios de comunicación social e as TIC, e sabelas interpretar, valorar e consultar axeitadamente. (*Conciencia e expresións culturais, Competencia dixital*)
- Aproximarse a obras relevantes da tradición literaria e comprender textos literarios de xéneros diversos, así como as convencións específicas da linguaxe literaria. (*Comunicación lingüística, Competencias básicas en ciencia e tecnoloxía*).
Valorar a realidade plurilingüe de España e do mundo como mostra de riqueza do patrimonio histórico e cultural. (*Conciencia e expresións culturais, Competencias sociais e cívicas*)
- Reflexionar sobre os usos sociais das linguas para formar un pensamento crítico que impida discriminacións e prexuízos ante calquera delas. (*Competencias sociais e cívicas*)
- Tomar conciencia da propia aprendizaxe e reflexionar sobre posibles estratexias para emprender novas aprendizaxes. (*Sentido de iniciativa e espírito emprendedor*)

LINGUA GALEGA E LITERATURA

- Comprender textos, orais e escritos, de tipo loxía diversa (narrativos, descritivos, expositivos e argumentativos) e obter información relevante, realizando inferencias de información e elaborando unha interpretación con obxectivos de sacar conclusións propias. (Comunicación lingüística/Lingüística verbal)
- Aplicar correctamente o vocabulario precisas e axeitadas da maneira máis apropiada a cada contexto para conseguir as intencións desexadas segundo o caso. (Comunicación lingüística/Lingüística verbal)
- Elaborar composicións creativas (carteis, audiovisuais...) explorando as técnicas e os recursos das varias linguaxes artísticas para comunicarmensaxes. (Conciencia e expresións culturais /Visuale espacial)
- Participar en situacións comunicativas expresando as súas ideas e emocións, practicando a participación activa, para favorecer os espazos de interacción e de crecemento, identificando e valorando diferentes puntos de vista dunha realidade para actuar de forma positiva e aberta. (Sociais ecívicas/Interpersoal)
- Redactar correctamente -con vocabulario, ortografía e puntuación axeitados- textos de tipo loxía diversa (narracións, diálogos, cartas, correos electrónicos, reportaxes, críticas, textos argumentativos) respectando as súas características para comunicar mensaxes da maneira máis axeitada segundo o contexto. (Comunicación lingüística/Lingüística verbal)
- Practicar o uso das normas gramaticais e ortográficas básicas co obxectivo de asegurar a correcta escritura das palabras, ás frases e os textos. (Comunicación lingüística/Lingüística verbal)
- Utilizar de maneira axeitada as TIC, valorándoas como fonte de información, comunicación e aprendizaxe. (Dixital / Lingüística e verbal, musical)
- Desenvolver capacidades emprendedoras ante un problema, poñendo en práctica as propias reflexións e as dos outros como fonte de dinamización social e como medio para compartir puntos de vista, ideas e esforzos. (Sentido de iniciativa e espírito emprendedor/Intrapersoal)

- Xestionar as propias capacidades e coñecementos como base para apropiación da formación. (Aprender a aprender/ Intrapersoal)
- Utilizar a lectura como fonte de pracer e enriquecemento persoal e achegarse a obras de tradición literaria e de autores actuais. (Aprender a aprender/ Intrapersoal)
- Reflexionar sobre a apropiación da aprendizaxe co obxectivo de tomar conciencia das súas capacidades e valorar as propostas de mellora. (Aprender a aprender/ Intrapersoal)

MATEMÁTICAS

- Comprender, interpretar e producir mensaxes orais e escritas utilizando o vocabulario e as expresións propias da linguaxe matemática. (Comunicación lingüística / Intelixencias lingüística-verbal e intrapersonal)
- Resolver problemas da vida cotiá, axeitados ao seu nivel, que permitan establecer conexión entre a realidade e os coñecementos matemáticos (numeración, xeometría, medida, áreas, perímetros...), comprobar resultados e reflexionar sobre o seu proceso de resolución. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía; Aprender a aprender / Intelixencias lóxico- matemática, visual-espacial e intrapersonal).
- Ler, escribir e ordenar, utilizando razoamentos apropiados, distintos tipos de números (romanos, naturais, enteiros, fraccionarios, decimais e porcentaxes sinxelas) e sabelos utilizar para interpretar e intercambiar información en contextos da vida cotiá. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia lóxico-matemática).
- Calcular sumas, restas, multiplicacións, divisións con distintos tipos de números tendo en conta a xerarquía das operacións, aplicando as propiedades destas, estratexias persoais e diferentes procedementos de cálculo (algoritmos escritos, cálculo mental, tanteo, estimación, calculadora). (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia lóxico- matemática).
- Coñecer e utilizar os instrumentos e as unidades de medida de lonxitude, masa, capacidade, superficie, tempo e monetarias; e operar con medidas das devanditas magnitudes para describir determinados aspectos da realidade. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencias lóxico- matemática e visual-espacial).
- Facer estimacións e saber expresar con precisión medidas de lonxitude, masa, capacidade, superficie, tempo e as derivadas do sistema monetario; convertendo unhas unidades noutras cando sexa necesario. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia lóxico-matemática).
- Identificar os diferentes tipos de ángulos segundo a súa amplitude e o grao como unidade de medida, para explicar as formas e as descrições xeométricas en situacións cotiás. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencias visual-espacial e lóxico-matemática).
- Utilizar os instrumentos de debuxo e de medición de ángulos para representar e describir con precisión a realidade. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencias visual-espacial e lóxico-matemática)
- Describir e comprender situacións cotiás utilizando as nocións xeométricas de paralelismo, perpendicularidade, simetría, translación, xiro, perímetro e superficie. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencias visual-espacial e lóxico-matemática. Comunicación lingüística / Intelixencias lingüística-verbal e intrapersonal)

- Coñecer e debuxar os elementos xeométricos do plano (rectas, semirectas, segmentos e ángulos) e resolver problemas contextualizados de xeito estratéxico, buscando os procedementos apropiados para solucionarlos. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía; Aprender a aprender / Intelixencias lóxico-matemática e visual-espacial)
identificar os polígonos e os seus elementos e clasificalos (triángulos e cuadriláteros) para interpretar informacións que permitan describir a realidade. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencias visual-espacial e lóxico-matemática)
- Experimentar, organizar datos estatísticos en táboas, representalos mediante gráficos (diagrama de barras, pictograma, polígono de frecuencias, diagrama de sectores) e sabelos interpretar. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencias visual-espacial, lóxico-matemática e lingüística-verbal).
- Interpretar e presentar a información a partires do uso de gráficos, parámetros estatísticos, experimentos e valorar a súa utilidade na sociedade. (Matemática / Lóxica)
- Recoñecer, de xeito inicial, situacións sinxelas da vida diaria na que se dan sucesos, imposibles, posibles ou seguros. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía; Comunicación lingüística / Intelixencias lóxico-matemática e lingüística-verbal)
- Traballar en grupo e participar de forma activa e construtiva en proxectos comúns. (Sociais e cívicas / Intelixencia interpersoal).

VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

- *Actuar de forma responsable e digna.*
- *Estruturar un pensamento efectivo e independente empregando as emocións.*
- *Manter unha motivación e esforzo.*
- *Traballar activamente en equipo e actividades cooperativas, demostrando interese polas outras persoas.*
- *Realizar unha autoavaliación responsable.*
- *Manexar as dificultades para superar as frustracións e os medos.*
- *Definir problemas sociais e achegar solucións.*
- *Expresarse con coherencia e con expresión para compartir os seus sen*
- *Recoñecer os elementos da comunicación e o diálogo.*
- *Empregar a aserción, a linguaxe positiva e a empatía.*
- *Tolerar e apreciar as diferenzas culturais.*
- *Expoñer historias creativas da amizade.*
- *Comunicar pensamentos, criterios e propósitos persoais de forma positiva, empregando diferentes estratexias e habilidades sociais.*
- *Resolver situacións de conflito, a través da mediación non formal, utilizando a oportunidade de aprendizaxe e de crecemento persoal que nos brinda o conflito no ámbito escolar.*
- *Comportarse de acordo coas normas de convivencia establecidas implicándose na xestión democrática destas.*
- *Experimentar actitudes de colaboración e axuda entre iguais para desenvolver un grao de confianza mutua e a solidariedade que asegure a boa convivencia.*
- *Analizar diversas formas de discriminación que permitan interiorizar as directrices da Declaración Universal dos Dereitos Humanos en canto á igualdade entre homes e mulleres, a repartición de tarefas no fogar e o*

coidado familiar.

- *Coñecer e expresar aquelas características e valores cívicos máis importantes da sociedade democrática, que aseguran os principios de convivencia da*
- *Constitución española.*
- *Establecer conexións entre a publicidade e o consumo reflexionando sobre a influencia que exerce a primeira sobre o segundo.*
- *Coñecer os riscos derivados do uso das TIC e fomentar un uso responsable.*

4- CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE: TEMPORALIZACIÓN, MÍNIMOS ESIXIBLES, PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Na avaliación valoraremos os datos cuantitativos e cualitativos recollidos na posta en práctica desta programación, co fin de tomar as decisións que permitan a súa máxima eficacia

A nosa avaliación terá as funcións de:

- Diagnóstico: recollida de información sobre a marcha do desenvolvemento do currículo, os alumnos-as e os mestres-as.
- Prognóstico: posibilitar o avance de expectativas sobre o que pode ocorrer, para prever e resolver problemas.
- Adaptación: acomodar os diferentes métodos e recursos aos distintos ritmos de aprendizaxe dos alumnos-as, con miras á máxima personalización do proceso educativo.
- Orientación: ser guía, paso a paso, do camiño que se debe seguir en cada momento do desenvolvemento curricular.
- Regulación: facilitar e harmonización de elementos persoais, materiais e funcionais para garantir o grao de eficacia do desenvolvemento do currículo.
- Control: certificar a calidade e cantidade dos logros obtidos.

Mediante a avaliación propoñémonos:

- Pescudar a necesidade, a viabilidade, a idoneidade, o aproveitamento e a rendibilidade do deseño e do desenvolvemento curricular.
- Actuar en función do alumno-a, tanto individual coma globalmente.
- Proporcionar datos de todos os participantes no proceso educativo: alumnado, docentes, deseños e desenvolvementos curriculares, etc., para poder decidir o que mellor conveña.
- Obter información cuantitativa e cualitativa sobre a asimilación do programa e sobre a súa eficacia.
- Constatar que se van adquirindo e desenvolvendo as capacidades previstas nos obxectivos curriculares.
- Avaliar axeitadamente o aproveitamento docente-discente para poder orientalo da mellor maneira.
- Coñecer exhaustivamente os elementos que integran o proceso educativo, en especial o alumnado, para poder elaborar diagnósticos o máis axustados posible.
- Informar á comunidade educativa, sobre todo aos pais, e promover a súa colaboración.
- Motivar con vistas ao proceso de ensino-aprendizaxe.
- Facilitar información ás institucións recoñecidas que o requiran.
- Detectar e orientar as posibilidades dos alumnos-as para previr o fracaso escolar.
- Coñecer a calidade da actuación docente do sistema educativo.
- Establecer programas de mellora ante a detección de malos resultados.

Levaremos a cabo as seguintes modalidades de avaliación.

- Avaliación inicial, que nos facilitará a valoración dos coñecementos previos, as capacidades, as aptitudes e as actitudes do alumnado, co obxecto de adecuar o proceso de ensino-aprendizaxe ás súas posibilidades.
- Avaliación formativa continua, coa que pretendemos coñecer se se van logrando os obxectivos propostos para poder variar se fose preciso.
- Avaliación sumativa, na que valoraremos os méritos ao finalizar o currículo (máis cuantitativa), na que cualificaremos o dominio das capacidades adquiridas.
- Criterial , na que ofreceremos ao alumnado a posibilidade de coñecer e reflexionar sobre as súas propias posibilidades de aprendizaxe e o aprendido.

3.1.- Procedementos e instrumentos para a avaliación inicial

Ao inicio do curso realizaremos unha avaliación inicial. Para este fin seguimos no centro as seguintes directrices:

1.- Competencias clave

- NIVELMEDIO: ten un desenvolvemento medio nas diversas competencias.
- NIVELBAIXO: ten un desenvolvemento baixo nas diversas competencias básicas excepto en ...

NOTA: centrarse sobre todo nas competencias matemáticas e lingüística.

2.- Informes previos

- Ten informe do Departamento de Orientación.
- Terase en conta os informes realizados nos cursos anteriores e tomaranse as medidas correspondentes.

3.- Observacións

– Items que se propoñen:

+Debería ser máis ordenado /+Debería mellorar a súa atención /+Debería mellorar a súa actitude cos demais.

Para a cumprimentación destes catro aspectos fundamentais recorreremos aos seguintes instrumentos avaliativos de avaliación inicial:

- Probas escritas e orais individuais nas áreas instrumentais.
- Test de velocidade e comprensión lectoras/Eficacia lectora.
- Probas de cálculo e resolución de problemas.
- Entrevistas co mestre-a anterior.
- Consulta dos expedientes académicos.

Procedementose instrumentos da avaliación continua e sumativa

Comúns a todas as áreas

Procedementos			
Escritos en Papel ou dixitais.	Orais	Observación directa e sistemática	Outros
<ul style="list-style-type: none"> • Tarefas diversas realizadas polo alumnado na actividade diaria • Caderno de clase do alumno. • Actividades interactivas realizadas no espazo EVA. • Actividades de avaliación escritas en papel. • Actividades de avaliación en formato dixital. • Resolución de exercicios e problemas. • Traballos de grupo (coa situación do COVID moi limitados) 	<ul style="list-style-type: none"> • Preguntas individuais e grupais. • Participación do alumno/a nas actividades grupais. • Intervencións na clase. • Postas en común. • Probas orais individuais. • Exposicións orais con ou sen soporte dixital complementario. • Recitado, lectura oral... 	<ul style="list-style-type: none"> • Listaxes de control diario de cada área. • Rexistros anecdóticos individuais. • Rexistros de incidencias. • Ficha de rexistro individual. 	<ul style="list-style-type: none"> • Rúbricas de avaliación • Plantilla de avaliación. • Autoavaliación. • Actividades dixitais Jclíc ou con formato Moodle.

- **Criterios de avaliación mínimos esixibles para a superación do 5º curso na área de Matemáticas:**

- Escribir cantidades representadas no sistema de numeración romano.
- Descompoñer, ler, escribir, comparar, ordenar, operar e resolver problemas con números (naturais, decimais).
- Recoñecer, representar, comparar, efectuar operacións e problemas da vida real con fraccións, así como atopar fraccións equivalentes e saber comprobalas.
- Calcular aumentos e diminucións porcentuais sinxelos.
- Recoñecer e relacionar os euros e os céntimos de euro coas partes dun número decimal tendo en conta o valor posicional das cifras.
- Aplicar as equivalencias, escribir e transformar en forma complexa e incomplexa unidades de lonxitude, masa e capacidade, e resolver problemas da vida cotiá nos que interveñan medidas de lonxitude, masa e capacidade.
- Coñecer as unidades de tempo, as súas relacións, as unidades do sistema sexagesimal, realizar transformacións con unidades de tempo de forma complexa a incomplexa, e viceversa.
- Localizar e situar puntos no plano mediante sistemas de coordenadas.
- Recoñecer, diferenciar e debuxar diferentes tipos de rectas (paralelas, secantes e perpendiculares), semirectas e segmentos.
- Coñecer a idea de ángulo, a súa clasificación e a súa unidade de medida.
- Coñecer e distinguir os polígonos e os seus elementos, e clasificalos segundo a súa regularidade, o seu número de lados e a amplitude dos seus ángulos interiores.
- Empregar diferentes estratexias para calcular o perímetro e área dun polígono.
- Recoñecer a circunferencia, o círculo e as principais figuras circulares identificando os seus elementos e achar a lonxitude da circunferencia e a área do círculo.

Determinar a frecuencia e a media dunha información dada.

- Coñecer e interpretar de forma simple distintos tipos de gráficos estatísticos.

- **Contidos mínimos esixibles para superar 5º curso na área de Lingua castelá e literatura:**

- Comprensión de textos narrativos orais ou escritos, recoñecendo as **ideas principais e as secundarias**.
- Comprensión e produción de **textos escritos** básicos segundo a súa tipoloxía e axeitados á idade: correo electrónico, texto instrutivo, texto expositivo, narracións, descrições de lugares, relatos, noticias, recensións, cartel propagandístico e tiras cómicas, e redactalos de forma axeitada.
- Participación nun **debate e nun coloquio**.
- Identificación e análise de **oracións e as distintas clases de palabras**: nomes, adxectivos, determinantes, pronomes persoais, verbos, conxuncións, preposicións, interxeccións, adverbios, verbos e as súas desinencias e lexemas.
- Clasificación das palabras pola **acentuación** en graves, agudas e esdrúxulas.
- Identificación de **ditongos e hiatos** e acentualos correctamente.
- Identificación de **palabras derivadas** dunha primitiva proposta.
- Formación de palabras derivadas empregando **prefixos** de oposición, prefixos de tempo e lugar, **sufixos**.
- Emprego e identificar o **significado dos sufixos** na formación de nomes.
- Formación de **diminutivos e aumentativos** correctamente.
- Realización das modificacións ortográficas necesarias na formación de **palabras compostas**.
- Recoñecemento das **rimas asonantes e consonantes**.
- **Recitado** axeitadamente dun poema.
- Coñecemento e empregar as **normas ortográficas** de uso de «ll», «e» «c» e «cc», «b», «gr», «j», «h», «v».

- Uso correcto dos **signos de puntuación**.
- Uso correcto das **TIC** nas tarefas realizadas.
- Interese pola escritura como instrumento para relacionarse e para aprender, e interese polo coidado e a presentación dos **textos escritos** e pola norma ortográfica e contido estruturado e coherente.
- escoita de **textos literarios e lectura** guiada e autónoma, silenciosa e en voz alta, de textos adecuados acadando progresivamente á autonomía, entonación e **velocidade lectora** requirida. Hábito lector.
- Uso dos recursos da **biblioteca da aula e do centro**, incluídos documentos audiovisuais, como medio de aproximación á literatura.
- **Dramatización** de situacións e de textos literarios.
- Observación das diferenzas entre a **lingua oral e escrita**.

-Criterios de avaliación mínimos para a superación do 5º curso na área de Lingua castelá e literatura

- **Participar** activamente en actividades orais e xogos colectivos gardando as normas e usando un vocabulario axeitado.
- **Coñecer** e aplicar as normas ortográficas que se estudan no curso.
- **Explicar e comprender** o sentido global de textos ou conversacións orais, tales como a narración de vivencias, experiencias e preferencias persoais, a descrición de persoas, lugares e obxectos, adiviñanzas, cantilenas...
- **Ler** distintos tipos de texto comprensivamente, mantendo a pronunciación, a entoación, o ritmo, e a velocidade lectora axeitados; extraendo o sentido global e identificando tamén algúns detalles concretos, e sendo capaces de expresalo nas súas respostas correctas a preguntas orais e escritas.

- **Redactar** correos electrónicos, textos instrutivos, textos expositivos, narracións, descricións de lugares, personificacións, textos narrativos, relatos, noticias, , cartel propagandístico, tiras cómicas..., mostrando interese e atendendo á corrección ortográfica, ao uso dun vocabulario axeitado e variado e á corrección gramatical.
- **Captar o sentido de textos literarios** (poemas, panxoliñas, textos poéticos...) e representalo por distintos medios.
- **Extraer información** sobre varios temas en textos de procedencia diversa e ampliála mediante o uso das TIC.
- Coñecer e formar **aumentativos e diminutivos, sinónimos e antónimos**.
- Establecer a **concordancia** entre os distintos elementos da oración.
- Recoñecer as diferentes **clases de palabras** e conxugar correctamente os **verbos**.
- Recoñecer e formar palabras da mesma **familia léxica**.

-Contidos mínimos esixibles para superar 5º curso na área de Lingua galega e literatura:

- **Participación activa e colaborativa**, en interacción co grupo ou co mestre/a en calquera situación comunicativa da aula e a escola. **Respecto polas normas** que rexen a interacción oral (quendas de palabra, ton de voz, ritmo) e social dentro da escola.
- Produción de **textos orais e audiovisuais** de creación propia (exposicións, descricións de situacións ou procesos, de emocións), con preparación previa, e adaptando a entoación, o ton de voz ou o xesto á situación comunicativa.
- Interese por participar nas conversas e por **expresarse con claridade e boa pronuncia**.
- Comprensión de todo tipo de **mensaxes orais** en diferentes contextos e en calquera dos escenarios posibles: actividades da aula, situacións de aprendizaxe en calquera área, e na vida cotiá.

- **Capacidade crítica** para comprender aquilo que se escoitou e facerse preguntas a partir dos contidos expostos.
- Interese, atención e respecto polas **intervencións dos outros**.
- Comprensión das **informacións escritas** nalgún dos formatos posibles que fan referencia a calquera ámbito da escola e da vida cotiá.
- **Lectura** silenciosa e comprensión, segundo diferentes propósitos e intencións, de temas traballados na clase.
- Lectura e interpretación de **esquemas, gráficos, mapas conceptuais e mensaxes** con apoio audiovisual para saber extraer a idea principal e as relacións entre os elementos.
- **Lectura en voz alta** de forma que se axuste o ton de voz, a velocidade e a entoación ao auditorio.
- Interese polos **textos escritos** como fonte de información e aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias.
- **Escritura de textos** producidos en diferentes situacións e que respondan a diferentes intencións co apoio de imaxes ou esquemas: narracións, explicacións, descripcións, diálogos, noticias, receitas, cómics, entre outros.
- Conciencia do diferente funcionamento da lingua segundo o **tipo de texto** (léxico e organización e estrutura do texto).
- **Conectores** para enlazar oracións (*e, pero, porque, senón, aínda que, con todo...*): coñecemento e uso.
- O coñecemento e uso das **normas ortográficas**.
- **Acentuación** gráfica: recoñecemento das **sílabas** dunha palabra, recoñecemento e acentuación das palabras agudas, graves e esdrúxulas.
- Adquisición do **hábito de lectura** para o gozo persoal e para a propia aprendizaxe.
- Audición, lectura, **memorización-verbalización de textos**.
- **Dramatización** de contos, poemas e outros textos literarios adecuados á idade e aos intereses do grupo e as festividades do centro. Expresión de **impresións persoais** despois das lecturas e

adopción dunha posición crítica.

-Criterios de avaliación mínimos esixibles para 5º curso na área de Lingua galega e literatura.

- Comprender **produccións orais** (conferencias, exposicións, explicacións), provenientes de diferentes medios. Ter capacidade para facer unha **síntese** tamén oral a partir das **ideas principais** que se expuxeron.
- Participar activamente nas **conversacións da clase** e utilizar unha linguaxe comprensible para as funcións básicas, por exemplo relacionarse, aprender, expresar experiencias vividas, imaxinar. Así mesmo, ten que saber escoitar os outros e respectar as quendas de palabra.
- **Expoñer temas** de produción propia oralmente (exposicións, procesos, comentarios de actualidade, entre outros) con preparación previa, e adaptando a entoación, o ton de voz ou o xesto á situación comunicativa. Utilización de material gráfico.
- **Comprender** autónomamente **textos escritos** (contos, poemas, artigos, folletos informativos...) e audiovisuais (películas, anuncios, informativos).
- Saber responder e formular **preguntas referidas aos textos e libros** de literatura que se leron ou miraron e saber facer unha valoración global.
- **Escribir textos** funcionais, narrativos, literarios e audiovisuais coherentes —á man e facendo uso das TIC— moi construídos, con riqueza de linguaxe, partindo do proceso de pensar, escribir ou elaborar e revisar e atendendo á corrección ortográfica e gramatical.
- Aplicar a **acentuación gráfica** nos textos de produción.
- Coñecer os **mecanismos da lingua para crear significado**, por exemplo derivación, composición, sentido figurado e todos os traballados durante o curso. Aplicación nos textos de produción propia.

- Coñecer a **terminoloxía gramatical básica e a función de cada elemento** nun enunciado.
- Mostrar progresiva **autonomía na aprendizaxe**: reflexión sobre o proceso, organización e planificación do traballo, aceptación dos erros, autocorrección e autoavaliación de todo o proceso.
- Coñecer e valorar a **diversidade lingüística e cultural de Galicia, de España** e do mundo, con respecto cara aos que falan outras linguas e interese por comprendelas.
- Participación activa e colaborativa, en **interacción co grupo ou co mestre/a** en calquera situación comunicativa da aula e a escola. **Respecto polas normas** que rexen a interacción oral (quendas de palabra, ton de voz, ritmo) e social dentro da escola.

- **Contidos mínimos esixibles para a asignatura de Ciencias da Natureza:**

- Emprego de diferentes **fontes de información**.
- As **funcións vitais** no ser humano, sistemas e aparatos que as levan a cabo.
- **Acélula**: unidade anatómica básica do ser humano
- Concepto de saúde e enfermidade, tipos de **enfermidades e hábitos** que favorecen a saúde.
- A **función de relación** no ser humano, as súas fases e órganos, sistemas e aparatos implicados nela.
- Os **hábitats**: descrición e caracterización dos diferentes tipos de hábitat.
- **Ecosistemas**, os seus elementos, relacións, **cadeas tróficas** e factores que os alteran.
- Actitudes e hábitos para **preservar o medio** e protexer o contorno natural.
- As **plantas**, as súas partes e as súas funcións.
- A **fotosíntese** e a súa importancia para a renovación do aire.
- A **materia e os materiais**, as súas propiedades, os seus cambios

físicos e químicos e os seus tipos.

- A **enerxía**, as súas formas, usos, cambios que provoca sobre a materia, fontes de enerxía e impacto dos seus usos sobre o medio natural.
- As **forzas**, elementos que as definen, efectos da combinación de forzas.
- As **máquinas** simples e as compostas, as súas partes e o seu funcionamento.

-Criterios de avaliación mínimos esixibles a asignatura de Ciencias da natureza.

- Realizar proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións e presentar informes coas conclusións en diferentes soportes.
- Coñecer o funcionamento do corpo humano en canto a **células, tecidos, órganos, aparellos, sistemas** (localización, forma, estrutura, funcións, coidados etc.).
- Adoptar **hábitos de vida saudables**, sabendo as repercusións para a saúde do seu modo de vida, tanto na escola como fóra.
- Identificar e localizar os principais órganos implicados na realización da **función de relación** do corpo humano e establecer algunhas relacións fundamentais entre eles e determinados hábitos de saúde.
- Coñecer a estrutura e a fisioloxía das **plantas**, así como as características principais da **fotosíntese** e a súa importancia para a vida dos seres vivos.
- Coñecer as características e os elementos que compoñen un **ecosistema**, así como os seres vivos que o habitan e as súas relacións.
- Relacionar determinadas prácticas do ser humano co **coidado e respecto polo medio natural**, adoptando hábitos consecuentes tanto no colexio como fóra e coñecer as repercusións que ten para a vida no planeta.

- Explicar como os **cambios** (por fenómenos naturais e pola actividade humana) **no medio natural** poden afectar a compoñentes vivos e inertes, e variar o equilibrio.
- Coñecer e aplicar criterios para estudar e clasificar algúns dos **materiais** estudados segundo as súas propiedades, así como a súa influencia para o progreso da sociedade.
- Realizar experimentos e investigacións sinxelas sobre diferentes fenómenos físicos e químicos da **materia**: expoñendo problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, extraendo conclusións, comunicando resultados, así como no coñecemento das leis básicas que rexen estes fenómenos (a reflexión da luz, a transmisión da corrente eléctrica, o cambio de estado, as reaccións etc.).
- Coñecer o uso dalgúns dos recursos **naturais da Terra**, identificar os empregados na vida cotiá e adquirir conciencia da necesidade de conservalos e de evitar a contaminación.
- Coñecer algúns dos tipos de **máquinas e aparellos** estudados que se empregan na vida cotiá, así como a utilidade que teñen.
- **Contidos mínimos esixibles para a asignatura de Ciencias Sociais.**
 - **Universo.** Orixe e composición.
 - **Sistema Solar.** Os planetas. Características e movementos, movementos da Terra e da Lúa e as súas consecuencias.
 - **A representación da Terra:** globos terráqueos, mapas e planos, e os seus elementos (paralelos, meridianos, coordenadas terrestres, escala, lenda e orientación).
 - Factores que determinan o clima: latitude, altitude e distancia ao mar. Tipos e características de climas do mundo.
 - **Climas e paisaxes de España e de Galicia.** Tipos, localización, características e paisaxes.
 - **A Constitución,** dereitos, deberes e liberdades.

- A división de **poderes políticos do Estado**: poder lexislativo, poder executivo, poder xudicial.
- **Estatuto de Autonomía** de Galicia. As **institucións autonómicas** galegas.
- **Organización territorial do Estado** español:
comunidades autónomas e cidades autónomas, provincias e municipios.
- **A Unión Europea**, formación, características, institucións, Estados membros e vantaxes da súa pertenza.
- Factores que interveñen na **evolución dunha poboación**: a natalidade, a mortalidade, a inmigración e a emigración.
- **Crecemento dunha poboación**: crecemento natural, saldo migratorio, crecemento real.
- **Pirámides de poboación**.
- Eixe cronolóxico da **Idade Media**: os visigodos, o reino suevo galego, Al Ándalus e os reinos cristiáns.
- Os estilos artísticos e as influencias sociais, económicas e culturais das **culturas presentes na Idade Media** na Península Ibérica.
- Eixe cronolóxico da **Idade Moderna**: Os Reis Católicos e os reinados de Carlos V e Filipe II.

-Criterios de avaliación mínimos esixibles para a asignatura de Ciencias Sociais.

- Explicar como é e de que forma se orixinou o **Universo** e os seus principais compoñentes.
- Describir as características principais do **Sistema Solar** identificando diferentes tipos de astros e as súas características, incluídos os movementos da Terra e da Lúa e as súas consecuencias.

- Explicar as distintas **representacións da Terra** e interpretar tanto a linguaxe cartográfica como as linguaxes icónicas e simbólicas para mellorar a comprensión da realidade.
- Diferenciar entre **tempo atmosférico e clima**, e analizar a importancia das predicións meteorolóxicas.
- Identificar os **factores que inflúen no clima** e explicar como actúan para adquirir unha idea básica do clima, así como dos factores que o determinan.
- Explicar os trazos máis destacados das temperaturas e das precipitacións **dos climas de España e de Galicia**, e identificar as **paisaxes características** de cada zona climática.
- Explicar a importancia que ten a **Constitución** para o funcionamento do Estado español, así como os deberes, os dereitos e as liberdades que recolle.
- Comprender a **división de poderes do Estado** e as súas atribucións recollidas na Constitución para cada un.
- Identificar as principais **institucións autonómicas galegas**.
- Describir a **división territorial do Estado** distinguindo a administración municipal, provincial e autonómica, e as súas atribucións administrativas.
- Explicar que é a **UE**, os seus obxectivos políticos e económicos, a súa historia, as súas institucións e os seus órganos de goberno, os países que a compoñen, así como os candidatos a integrarse nun futuro e explicar algunhas vantaxes derivadas do feito de formar parte dela.
- Explicar a evolución e a **distribución demográfica galega, española e europea**, representando pirámides de poboación, gráficos de barras e diagramas circulares. Identificar os feitos fundamentais da **historia de Galicia e de España na Idade Media e na Idade Moderna**, e situalos correctamente no espazo e no

tempo, así como o desenvolvemento cultural nesas épocas.

5- METODOLÓXIA.

Para o deseño da nosa metodoloxía temos en conta os seguintes principios:

1.- Desde a perspectiva epistemolóxica das diferentes áreas de coñecemento teremos en conta que:

- Non todos coñecemos igual en todo momento.
- En cada momento hai influencias sobre o coñecemento polas as experiencias previas e as situacións novas.
- O coñecemento é o resultado da interacción entre as experiencias previas e as situacións novas; polo que, máis que transmitirse, constrúese mediante a práctica.
- Calquera coñecemento pode ter diferentes lecturas, significados e presentacións, que poden ser todos obxectivos. Ensinar/aprender supón contrastar perspectivas, enriquecer esquemas conceptuais con novas contribucións por parte de todos.
- O ensino debe buscar interaccións proporcionados por diferentes soportes (textos, audiovisuais, etc.), mediadores (docentes, compañeiros, pais), métodos (didácticas: xeral e especiais) e situacións ou feitos (da vida cotiá, descubrimentos, centros de interese, etc.).

2.- Desde a perspectiva psicolóxica contemplaremos que debemos:

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado.
- Asegurar aprendizaxes construtivas e significativas diagnosticando os coñecementos previos que posúe o alumnado para conectar e integrar os contidos e estratexias previos cos novos por vivir e aprender.

- Favorecer a aprendizaxe autónoma desenvolvendo un modelo curricular que asegure que os alumnos e as alumnas realicen aprendizaxes significativas por si mesmos, aprendendo a aprender, e modificando progresivamente os esquemas previos do coñecemento do alumnado desde o saber cotián ata o saber científico.
- Potenciar a actividade facilitando a reflexión á hora da acción e posibilitando que o alumnado chegue a facer aquelas actividades que aínda non son capaces de realizar sos, pero si coa axuda conveniente.

3.- Desde a perspectiva pedagóxica teremos que:

- Partir da avaliación inicial, específica e global que nos amosará as aptitudes e actitudes, as necesidades e intereses; e seus coñecementos previos, xerais e por áreas.
- Motivar o alumnado axeitadamente creando situacións que conecten cos seus intereses e expectativas, partindo das súas propias experiencias; propiciando un clima de comunicación, cooperación e harmonía nas relacións; e despertando unha motivación intrínseca que potencie o gusto por aprender.
- Asegurarnos de que se posúen os requisitos básicos para poder abordar a seguinte nova aprendizaxe e reforzar os conceptos previos máis débiles e sensibles.
- Fomentar a zona de desenvolvemento potencial na adquisición dos novos coñecementos incorporando mediante nosa actitude o exemplo adecuado que se debe seguir (currículo implícito ou latente).
- Facilitar que poida desenvolver a súa actividade coa mínima axuda necesaria.
- Estructurar e dosificar os novos contidos conceptuais de forma apropiada (redes, esquemas e mapas).

- Ter moi en conta os coñecementos de cada materia, respectando a súa estrutura epistemolóxica, a súa lóxica interna específica e os avances do momento.
- Partindo do citado anteriormente as nosas estratexias metodolóxicas comúns a todas as áreas serán:
 - Favorecer a comprensión de conceptos.
 - Propiciar a creatividade do alumnado no seu proceso de aprendizaxe.
 - Tentar ser innovadores e favorecer a comparación.

O uso das TIC será o elemento vertebrador do que partimos polo que crearán e lerán en dixital frecuentemente. Pero non esqueceremos importancia dos escritos e da lectura en papel.

Realizaremos exercicios e actividades diversificados que teñan en conta competencias e intelixencias múltiples: traballo individual e en grupo, traballo cooperativo, uso das TIC e actividades que traballan contidos fundamentais.

.- Agrupamento do alumnado

O agrupamento do alumnado dentro da aula será variado (individual, parellas ou pequenos grupos) e poderá sufrir modificacións en función das necesidades e da situación sanitaria.

Organización dos espazos

Con respecto a organización dos **espazos da aula** cada titor organizará o espazo na súa aula como crea conveniente para o desenvolvemento da actividade lectiva.

Teremos en conta que contamos con 16 alumnos/as nunha aula e 15 na outra e que en cada pupitre debe haber sempre e/ou polo menos: un ordenador, un caderno e material de escritura polo que faremos moito fincapé na orde e postura correcta no pupitre de cada alumno-a. Deberemos tamén ter en conta que as zonas de maior mobilidade do

alumnado dentro da aula deben respectar moito os espazos de pupitres polo coidado dos equipos informáticos.

No día a día o espazo da aula estará organizado para facilitar a todo o alumnado a visión da pantalla dixital e o fácil acceso ao armario de carga dos equipos.

As clases de música impartiranse na aula de música. A área de inglés nas aulas das titorías.

6- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Os materiais e recursos didácticos a utilizar serán os que en cada momento aconselle a natureza dos contidos a tratar. Aínda así, e con carácter xeral , empregaremos os seguintes :

- Libros dixitais do espazo EVA, Aula virtual e web do centro.
- Ordenadores individuais, cascos e pens
- Pizarra dixital interactiva
- Actividades interactivas de espazos como: Jclíc, Xogamos, Agrega...
- Internet para recursos de apoio e busca de información.
- Resumos e esquemas en formato pdf que se colgarán no EVA.
- Test e probas Moodle.
- Documentos word e pdf para traballo escrito.
- Presentacións ppt.
- Programas informáticos instalados nos equipos do alumnado.
- Fotocopias variadas, artigos de xornal eláminas
- Follas de datos, gráficos e esquemas
- Calculadora, planisferio

- Visitas a instalacións
- Libros de lectura
- Material manipulable.
- Biblioteca de aula.
- Material funxible.
- Axendas individuais...

Incorporación das TIC na aula:

Pretendemos o obxectivo que ao finalizar a escolarización no noso centro educativo o alumnado teña unha boa competencia dixital. Esta competencia orientarémola a que dispoñan de habilidades para buscar, obter e procesar información da rede e que poidan comunicala e transformala en coñecemento. Para acadar esta competencia dixital faremos uso diario dos recursos tecnolóxicos dispoñibles.

Desde fai varios cursos levamos a cabo no centro o Proxecto Abalar, polo tanto neste 3º ciclo o manexo das novas tecnoloxías xa formaba parte da práctica docente diaria.

As formas máis habituais de utilización das novas tecnoloxías na aula serán as que se detallan a continuación:

- 1.- Utilización do espazo EVA para o traballo diario na aula.
- 2.- Emprego da PDI tanto para as explicación do mestre coma para exposicións do alumnado. Usarase tamén para a realización de exercicios e como pizarra de escritura.
- 3.- Uso da Aula virtual e a web do centro.
- 4.- Iniciación no manexo de diferentes programas informáticos.

Pretendemos que neste 5º nivel os alumnos aprendan a manexar

programas básicos: procesadores de texto, de tratamento imaxe, de realización de presentacións...

5.- Exercitación mediante programas educativos que permiten a interactividade.

6.- Aprendizaxe por investigación na que o alumnado buscará datos e recursos en Internet. Trátaremos de fomentar a aprendizaxe activa, responsable e o máis autónoma posible por parte do alumnado, que se verá confrontado a tomar decisións en torno a como proceder na aprendizaxe e que recursos utilizar.

7. Utilización das aplicacións de Google para correos electrónicos de dominio @ceipsanmarcos, drive ...

8. Recursos dos que nos dota a biblioteca do centro a través da biblioteca creativa e o espazo maker: croma, mBot, impresión 3D, ...

9. Promover estratexias de aprendizaxe acordes cos contidos.

10. Utilizar mecanismos de dedución.

11. Promover a elaboración de traballos persoais e en equipo.

12. Fomentar o desenvolvemento e utilización de habilidades, actitudes, valores e estratexias de aprendizaxe.

Este ano seguimos traballando dentro do Proxecto E-Dixgal e no EVA (Espazo Virtual de aprendizaxe). Partimos polo tanto dun método no que as novas tecnoloxías terán un gran peso nas nosas aulas.

Dentro do novo espazo virtual de aprendizaxe tomaremos como base os materiais deseñados por Netex e complementarémolos co material de texto dixital ofertado pola editorial Edebé e pola Aula Planeta. Este material será ampliado con outros recursos elaborados por nós e tamén con enlaces e recursos xa feitos na rede. Sen esquecer nunca o importante que é o traballo nos cadernos e calquera tipo de material

impreso.

Destacar que debido ao COVID a organización de espazos, a metodoloxía grupal e a cooperación estarán moi limitadas, pero intentaranse suplir con outras estratexias válidas e eficaces para que o proceso de ensino – aprendizaxe sexa frutífero.

En caso de confinamento utilizaremos unha metodoloxía exclusivamente dixital a través dos seguintes recursos: blog, correo de gmail e o EVA.

7- CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

<i>Criterios de avaliación XERAIS</i>	
1. Traballo autónomo (aula, outros espazos).	<ul style="list-style-type: none"> • Realización sen axuda externa. • Estimación do tempo invertido. • Grao de adquisición de aprendizaxes básicos. • Orde e limpeza na presentación. • Destrezas. • Revisión do traballo antes de dalo por finalizado. • Creatividade.
2. Probas orais e escritas.	<ul style="list-style-type: none"> • Valoración da aprendizaxe dos contidos. • Valoración dos procesos seguidos e os resultados. • Expresión oral do procedemento seguido ao resolver una actividade. Coherencia e adecuación. • Orde, limpeza e estrutura do traballo presentado. • Caligrafía e ortografía axeitadas.
3. Actividades TIC.	<ul style="list-style-type: none"> • Uso adecuado do ordenador . • Utilización de Internet, de forma responsable para buscar información ou resolver unha actividade. • Grao de elaboración da resposta. • Interese, motivación. • Valoración do traballo en formato dixital como unha tarefa non un —pasatempoll.
4. Participación e seguemento das clases (intervencións orais, tipo de resposta...).	<ul style="list-style-type: none"> • Nivel e calidade das intervencións. • Mensaxe estruturado. • Uso de vocabulario apropiado. • Comportamento. • Esfuerzo. • Interese. • Atención.
5. Traballo cooperativo. Valoración individual e grupal.	<ul style="list-style-type: none"> • Capacidade de traballo cooperativo. • Grao de comunicación con compañeiros-as. • Resolución de conflitos. • Interese, motivación. • Creatividade. • Iniciativa. • Opinión persoal do traballo e de como se levou a cabo.

6. Caderno de traballo individual.	<ul style="list-style-type: none"> • Presentación clara e ordenada. • Actualizado e corrixido. • Completo en canto as actividades propostas. • Grafía e ortografía
---	--

Para a comunicación ás familias dos resultados das cualificacións trimestrais empregarease o modelo Xade. Todos os datos referidos a

avalición e á evolución escolar de cada neno-a quedarán rexistrados no expediente escolar individual cumprimentando por escrito os modelos oficiais do centro.

Instrumentos e porcentaxes que se terán en conta para a avaliación do alumnado nas diferentes áreas

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	PESO PARA NOTA
Controis e probas - Escritas e orais	50%
Tarefas e traballos 1. Presentación 2. Ortografía 3. Orixinalidade 4. Traballo en grupo 5. Atención 6. Autonomía	30%
Actitudes e comportamento 1. Comportamento 2. Respecto 3. Iniciativa 4. Participación en actividades do centro 5. Esforzo	20%

VALORES SOCIAIS E CÍVICOS	
Traballos realizados	60%
Comportamento e actitudes	40%

9- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL, E MEDIDAS A ADOPTAR

Ao inicio do curso realizaremos unha avaliación inicial. Para este fin seguimos no centro as seguintes directrices:

Informes previos

- Ten informe do Departamento de Orientación.
- Terase en conta os informes realizados nos cursos anteriores e tomaranse as medidas correspondentes.

Observacións

– Items que se propoñen:

+Debería ser máis ordenado /+Debería mellorar a súa atención /+Debería mellorar a súa actitude cos demais.

Para a cumprimentación destes catro aspectos fundamentais recorreremos aos seguintes instrumentos avaliativos de avaliación inicial:

- Probas escritas e orais individuais nas áreas instrumentais.
- Test de velocidade e comprensión lectoras/Eficacia lectora.
- Probas de cálculo e resolución de problemas.
- Entrevistas co mestre-a anterior.
- Consulta dos expedientes académicos.
- Entrevistas individuais coas familias se fose preciso.

Unha vez sexan diagnosticadas dificultades na aprendizaxe por parte dalgún alumno-a levaranse a cabo dentro da aula ordinaria actividades de reforzo individualizado, fundamentalmente nas áreas instrumentais. Para isto contaremos co asesoramento da orientadora do centro e as especialistas en PT e AL. Estes reforzos poderán ter formato impreso ou dixital. En cada unidade queremos ir facendo unha selección de actividades

fin, incluiremos na Aula EVA enlaces e actividades, ou crearemos exercicios interactivos en E Dixgal para reforzo dos contidos. Tamén se utilizará material impreso e actividades escritas no caderno.

Se as dificultades persisten ou non se notan avances significativas recorrerase a intervención máis directa da orientadora e das especialistas en PT e AL.

Dedicaremos tamén sesións destinadas a solventar problemas en canto a técnicas de estudo. Se ben esta non está considerada coma unha área específica dentro do curriculum consideramos que é indispensable dedicarlle un tempo semanal dentro da aula, principalmente co alumnado no que diagnostiquemos dificultades. Se ben é certo que cada neno-a ten que atopar ou autodescubrir a técnica coa que mellores resultados obteña, hai casos nos que o alumnado non o consegue. Contamos ademais cun hábito cada vez máis frecuente: as familias estudian cos nenos-as. Isto fai que perdan autonomía, produce neles dependencia e non lles da a oportunidade de atopar a técnica de estudo axeitada a cada un.

Por iso o proceso que seguiremos será a grandes rasgos:

- Diagnosticar dificultades.
- Coloquio co alumnado para saber como estudian. Nestas conversas os que teñen maiores dificultades poden coñecer as técnicas dos que obteñen mellores resultados.
- Realizar prácticas de memorización, para diagnosticar posibles dificultades.

Realizar esquema, resumos, listaxes de palabras clave...

10- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O alumnado que presente necesidades educativas especiais pero que siga o currículo común será atendido na aula, podendo recibir apoio dentro da mesma polo mestre ou por algunha das especialistas en PT ou AL, ambas posibilidades tanto para o caso de reforzo coma o de ampliación. Tamén se pode dar o caso de que precisen saír algunha hora para recibir apoio específica fora da aula.

Nas primeiras semanas, e coas avaliacións iniciais, faremos unha previsión máis exacta das necesidades de apoio e/ou reforzos e irémolas variando ao longo do curso en funcións das avaliacións e dos procesos de mellora ou dificultades xurdidas ao longo do curso. De todos os xeitos prevemos o deseño de actividades para o alumnado que ten dificultades por carencias en aspectos que tenden a ser frecuentes:

- En técnicas de estudio
- Hábitos de traballo/orde/limpeza... nas tarefas escolares.
- Ortografía.
- Razoamento lóxico matemático .
- Lectura .
- Pronunciación incorrecta dalgún fonema.
- Traballo autónomo.

Estes aspectos tratarémolos na aula con todo o alumnado, especialmente nos que se diagnostique maior dificultade e de precisar asesoramento ou apoio requirirémolo á orientadora e/ou especialistas en PT e AL.

Neste caso, os titores utilizaremos os seguintes recursos como medidas de reforzo e ampliación para a atención do alumnado:

- Exercicios dixitais ou fichas escritas de reforzo de cada unidade.
- Fichas escritas ou en formato dixital de lectura e comprensión lectora.
- Fichas escritas ou en formato dixital de comprensión e expresión escrita.
- Exercicios de mellora da grafía e ortografía.
- Exercicios dixitais ou fichas escritas de ampliación de cada unidade.

- Actividades de cálculo mental e resolución de problemas.
- Técnicas de estudio.
- Outras tarefas que as especialistas en PT, AL ou orientadora e titora consideren en cada momento.

11- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Ao longo do curso e tendo en conta á situación sociosanitaria poderanse levar a cabo algunhas actividades deste tipo na contorna. Éstas quedarán recollidas no Plan Xeral a nivel de centro:

Magosto, Samaín e exposición de cabazas, Halloween, Nadal, Entroido, Letras Galegas e calquera outra que puidese xurdir ao longo do curso.

Participaremos así mesmo nas seguintes actividades organizadas polo centros e os equipos de dinamización (sempre que a situación sanitaria o permita):

- Plan director: obradoiro sobre os perigos da rede.
- Charlas sobre hábitos saudables e prevención de consumo de drogas.
- Encontros con autores dos libros lidos na aula.
- Actividades da Reserva da Biosfera das Mariñas coruñesas e Terras do Mandeo.

Lóxicamente abordarase na aula os días de obrigada conmemoración establecidos no calendario escolar.

12- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

Procedementos para avaliar a programación.

Terase en conta os seguintes aspectos:

- A adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado.
- As aprendizaxes acadadas polo alumnado.
- As medidas de atención á diversidade aplicadas.
- A programación e o seu desenvolvemento, a organización da aula, aproveitamento dos recursos do centro e os procedementos de avaliación do alumnado.
- A coordinación entre os mestres e mestras de 5º e 6º e entre os diferentes niveis.

Valorarase en función de:

- Impartición do 50% da materia.
- Superación dos contidos mínimos esixibles polo 50 % do alumnado.

AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO	Valoración				Propostas de mellora
	1	2	3	4	
O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.					
Conseguíuse a participación activa de todoo alumnado.					
Contouseco apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.					
Mantívose un contacto periódico coas familias.					
Adoptáronse as medidas curriculares e organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.					
Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.					
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.					
Dáse un peso real á observación do traballo na aula.					
Valorouse adecuadamente o traballo en colaboración do alumnado dentro do grupo.					

AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE	Valoración				Propostas de mellora
	1	2	3	4	
Busco información previa sobre o tema a tratar e planifico o traballo con suficiente antelación.					
Teño en conta os coñecementos previos dos alumnos/as e os seus intereses.					
Preparo actividades motivadoras para o alumnado que combinen o traballo individual e en grupo.					
Ofrezco a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.					
Elaboro actividades de apoio, reforzo..., para unha adecuada atención á diversidade tendo en conta os estándares.					
Utilizo distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.					
Implico aos alumnos no proceso de aprendizaxe proponendo técnicas de aprendizaxe cooperati- vo, tarefas de grupo, facendo debates...					
Relaciono os contidos de todas as áreas.					
Avalío a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación e ampliación					
Valoro a adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.					
Potencio estratexias de animación á lectura.					
Incorporo as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.					

CEIP PLURILINGÜE SAN MARCOS	Coordínome cos demais mestres do nivel para a secuenciación dos contidos e a planificación de actividades.	PROGRAMACIÓN	DIDÁCTICA	5º CURSO	2021-2022
-----------------------------	--	--------------	-----------	----------	-----------

Propostas de mellora:

As propostas de mellora dependerán en gran medida dos resultados do noso alumnado e da consecución da nosa programación. Segundo avance o curso, e en función da adaptación do alumnado ao novo xeito de traballar, do ritmo de aprendizaxe e das dificultades atopadas, iremos variando os aspectos precisos e reformulando obxectivos sen variar os mínimos do nivel.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

5º EDUCACIÓN PRIMARIA

EDUCACIÓN ARTÍSTICA

PLÁSTICA

CEIP SAN MARCOS

CURSO 2021-2022

ÍNDICE

1. Introdución 2
2. Obxectivos: 2
 - 2.1.- Obxectivos de educación primaria. 2
 - 2.2- Obxectivos de inglés na sección bilingüe 4
 - 2.3- Obxectivos xerais da área de plástica para 5º de educación primaria 4
3. Competencias clave: 5
4. Contidos 8
5. Metodoloxía – Conexión do inglés coa plástica 24
 - 5.2. Materiais e recursos didácticos: 25
6. Avaliación da sección bilingüe 25

1- **Introdución:**

Neste curso 2020/2021 o plurilingüismo é parte do noso centro. Sentímonos orgullosos e afortunados porque apostamos por unha ensinanza integral, innovadora e atractiva. Preocúpannos os nosos alumnos e alumnas e a súa axeitada preparación que consideramos debe ter en conta as dificultades dos tempos que corren. Apostamos polas linguas estranxeiras e solicitamos a implantación da materia de plástica en inglés, que se imparte, así , en todos os cursos de primaria. A nosa intención é, sobre todo, introducir

o inglés como idioma vehicular para mellorar as destrezas dos alumnos. Nisto baseamos as nosas programacións. Pretendemos que sexa unha materia atractiva, máis se cabe do que podería ser en castelán, para aproveitar a dobre función que se nos ofrece. Contamos coa presenza dun auxiliar de conversa que nos axuda coa tarefa da lingua e , ademais , este curso , traballaremos no noso proxecto: OS ECOSISTEMAS NO MUNDO. Imos adicar un curso a traballar neste tema, conxuntamente co departamento de Normalización lingüística e o Equipo de Biblioteca . Queremos facer chegar aos nosos alumnos a grandeza e relevancia da nosa entorna, a necesidade de coidar do que nos rodea e a conciencia co medio ambiente.

2- Obxectivos:

2.1.- Obxectivos de educación primaria.

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade.
- e) Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua castelá e, se a houber, a lingua cooficial da Comunidade Autónoma, e desenvolver hábitos de lectura.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e a comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.

n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

2- Obxectivos xerais da área de plástica para 5º de educación primaria:

- Desenvolver unha actitude participativa e democrática en actividades de grupo, achegar os puntos de vista e intereses propios respectando as opinións diferentes á propia e asumir as responsabilidades que lle correspondan na planificación e realización das actividades.
- Desenvolverse de xeito autónomo na experiencia diaria, establecendo relacións de grupo en distintos ámbitos e valorando as relacións afectivas e as vantaxes que ofrece a colaboración do grupo.
- Desenvolver actitudes favorables á igualdade de oportunidades para todas as persoas independentemente do seu sexo, raza ou nacionalidade.
- Comprender e producir con fluidez mensaxes orais e escritas, en galego, en castelán e neste caso tamén en inglés, atendendo a diferentes intencións e contextos da comunicación.
- Comprender e producir mensaxes sinxelas nunha lingua estranxeira co fin de poder participar en situacións de comunicación propias da vida cotiá que requiran o emprego de dita lingua.
- Coñecer as particularidades do patrimonio natural, histórico e artístico de Galicia e valorar a necesidade de participar de xeito activo na súa protección e conservación para asegurar a súa sostibilidade e o seu traspaso ás xeracións futuras.
- Valorar a contribución á nosa cultura de diferentes personalidades da historia e da cultura galegas.

- Familiarizarse co emprego das novas tecnoloxías como medio para redactar, recibir e transmitir información.
- Utilizar os medios de expresión verbal, corporal, plástica, musical e matemática nos contextos de comunicación propios, explotando as posibilidades creativas que as relacións entre eles poden ofrecer.
- Apreciar e gozar as manifestacións artísticas do patrimonio cultural, así como a produción de obras propias.
- Desenvolver e apreciar hábitos de saúde e benestar e reflexionar sobre as repercusións de determinadas condutas sobre a saúde e a calidade de vida, co fin de conseguir unha vida sa e equilibrada

3- Competencias clave:

Nesta área desenvolveremos tódalas competencias pero de xeito especial as seguintes:

1. Conciencia e expresións culturais:

- Analizar e describir as características dalgunhas obras artísticas da pintura, da escultura e da arquitectura.
- Valorar as diversas manifestacións artísticas e a necesidade de conservar o patrimonio artístico e cultural.
- Representar a figura humana, as súas posturas e expresións mediante o emprego de diversas técnicas plásticas.
- Identificar e clasificar as cores en primarias, secundarias ou terciarias e representar o círculo cromático.
- Aplicar diversas técnicas plásticas e utilizar diferentes instrumentos para representar a perspectiva, distintos planos e o volume dos corpos.
- Recoñecer e utilizar os recursos gráficos do cómic.

2- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor:

- Diferenciar os estados de ánimo e saber comunicar emocións, sentimentos e sensacións.
- Aplicar a imaxinación e a creatividade no deseño e na realización das producións plásticas propias.
- Planificar e emprender procesos de decisión para resolver situacións e deseñar as propias producións.
- Utilizar de xeito autónomo os materiais de expresión plástica e exercitar a destreza manual.
- Expresar gustos, preferencias, intereses e opinións persoais.

3- Competencias sociais e cívicas:

- Respetar as normas básicas que facilitan a convivencia e a comunicación.
- Participar nas actividades colectivas e desenvolver habilidades sociais para relacionarse cos demais.
- Recoñecer o valor da diferenza e rexeitar as condutas discriminatorias.
- Reflexionar sobre a necesidade da participación cidadá nos procesos de reciclaxe.
- **7** Demostrar interese e respecto polas manifestacións artísticas doutras culturas.
- Promover as actitudes cívicas no uso dos espazos públicos.
- Recoñecer o valor da diferenza e fomentar o interese polas manifestacións artísticas doutras culturas.
- Reflexionar sobre os fins publicitarios e desenvolver un espírito crítico ante as prácticas consumistas.

4- Competencia para aprender a aprender:

- Adquirir o hábito de revisar e avaliar o propio traballo realizado.
- Desenvolver a capacidade de seguir os pasos indicados nunhas instrucións.
- Realizar bosquejos e deseños previos dos obxectos que se pretenden representar.

- Clasificar diversos obxectos a partir das semellanzas e das diferenzas entre eles.

5- Competencia en comunicación lingüística (castelán, galego e inglés):

- Representar o contido dun texto mediante a realización dun debuxo.
- Desenvolver a capacidade descritiva a través da expresión oral e escrita.
- Comprender o contido de diversos tipos de texto.
- Interpretar e utilizar os recursos propios da linguaxe do cómic.
- Comprender o contido de diversos tipos de texto e interpretar as instrucións dun proceso.

4- Contidos⁸

-Bloque 1. Educación audiovisual. Está dedicado ao estudo da imaxe en todas as súas manifestacións, tanto visual como audiovisual. Neste bloque ten moita importancia a contribución que fan as tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) ao mundo da imaxe.

-Bloque 2. Expresión artística. Este bloque recolle a exploración dos elementos propios da linguaxe plástica e visual, así como o tratamento dos materiais. Abrangue tamén as posibilidades para expresar o sentido e o percibido con creacións artísticas propias, despois da planificación.

-Bloque 3. Debuxo xeométrico. Atopamos aquí un desenvolvemento gráfico dos coñecementos adquiridos na área de matemáticas, no epígrafe de xeometría, polo que a competencia matemática e científico-tecnolóxica estará moi presente.

- **Resumo dos contidos para 5º de primaria** que secuenciaremos nos tres trimestres a través de autores como Kandinsky, Miró, Matisse..., lugares como o parque Güell en Barcelona para traballar a Gaudí e os mosaicos, museos...utilizando variedade de instrumentos e técnicas :
-

BLOQUE 1. EDUCACIÓN AUDIOVISUAL:

- Características das imxes fixas e en movemento.
- Clasificación das fotografías cunha terminoloxía axeitada.

- Evolución da fotografía do branco e negro a cor.
- Realización de fotografías sinxelas cuidando o encadre.
- Elaboración de carteis: proporción, tipografía e temas.
- Valoración das características técnicas do cine de animación.
- Coñecemento de recursos informáticos para retocar imaxes.

9 BLOQUE 2. EXPRESIÓN ARTÍSTICA

- A cor e as súas características.
- O círculo cromático con diversos materiais e técnicas.
- Simbología e usos de cores cálidos e fríos.
- A perspectiva en paisaxes reais.
- Proporción, equilibrio e composición en obras plásticas.
- Técnicas pictóricas: materiais, instrumentos e uso.
- Comparación de texturas, aplicándoas as súas obras.
- Creación de obras tridimensionales para lograr unha idea final orixinal.
- Obtención de información relacionada coas artes plásticas en libros, medios de comunicación e Internet para o seu proceso de planificación.
- Descripción de obras propias e alleas: materiais, técnicas, temas e intención.
- Coidado e corrección no uso de materiais e espazos.
- Reparto de responsabilidades, tarefas e aportacións no traballo grupal.
- Coñecemento e respecto polas obras do patrimonio artístico galego e os seus museos así como o arte doutras zonas alleas á nosa comunidade.

BLOQUE 3. DEBUXO XEOMÉTRICO

- Liña recta oblicua.
- A perspectiva nas obras pictóricas.
- Trazado de perpendiculares, sumase mediatriz de segmentos con instrumentos axeitados e con unidades de medida básicas.
- Uso do compás para o trazado de círculos concéntricos e divisións do círculo.
- Realización de composicións con formas xeométricas regulares.

- O cambio de escala aplicado a debuxos en cuadrícula.
- Presentación das tarefas de forma precisa, correcta e limpa, utilizando os instrumentos axeitados.

PROXECTO: Cámara e...¡acción!

Destacar que pretendemos incluír un proxecto escolar de cine en relación coa materia de lingua inglesa adicando unha sesión a semana de plástica e outra de inglés para a elaboración do mesmo:

-O proceso de creación audiovisual: guion, realización, montaxe e sonido.

-A imaxe dixital.

-Planos.

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)		CURSO	QUINTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencia s clave
BLOQUE 1. EDUCACIÓN AUDIOVISUAL				
<ul style="list-style-type: none"> • j • e 	<ul style="list-style-type: none"> • B1.1. Indagación sobre as posibilidades plásticas dos elementos naturais e o seu uso con fins expresivos. 	<ul style="list-style-type: none"> • B1.1. Distinguir as diferenzas fundamentais entre as imaxes fixas e en movemento, clasificándoas seguindo patróns aprendidos. 	<ul style="list-style-type: none"> • EPB1.1.1. Recoñece as imaxes fixas e en movemento e clasifícaas 	<ul style="list-style-type: none"> • CCEC • CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> • EPB1.1.2. Debuxa aspectos da vida cotiá. 	
<ul style="list-style-type: none"> • j • e 	<ul style="list-style-type: none"> • B1.2. Exploración das posibilidades de materiais, texturas, formas, cores etc. sobre 	<ul style="list-style-type: none"> • B1.2. Identificar e describir os materiais, utensilios e soportes, texturas, formas e 	<ul style="list-style-type: none"> • EPB1.2.1. Identifica os recursos e os materiais utilizados para elaborar unha obra. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCEC • CCL

.ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)		CURSO	QUINTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>diferentes soportes.</p> <ul style="list-style-type: none"> • B1.3. Análise da interrelación dos códigos e a intencionalidade comunicativa. • B1.4. Interese por aplicar ás representacións plásticas os descubrimentos obtidos na exploración de materiais. • B1.5. Exploración das posibilidades expresivas da liña segundo a forma, a dirección, a situación espacial e a sensación de movemento e de repouso. 	<p>colores; comprobando as posibilidades que achegan para a creación artística.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • EPB1.2.2. Analiza as posibilidades de materiais, texturas, formas e cores aplicadas sobre diferentes soportes. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCEC

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)		CURSO	QUINTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> • j • e 	<ul style="list-style-type: none"> • B1.6. Documentación, rexistro e valoración de formas artísticas e artesanais representativas da expresión cultural. • B1.7. Realización de fotografías (enfoque e planos) para enriquecer un informe, para recoller actividades de centro, para ilustrar unha noticia,... 	<ul style="list-style-type: none"> • B1.3. Aproximarse á lectura, análise e interpretación da arte e as imaxes fixas e en movemento nos seus contextos culturais e históricos, comprendendo, de maneira crítica, o significado e función social, sendo capaz de elaborar imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos. 	<ul style="list-style-type: none"> • EPB1.3.1 . Coñece a evolución da fotografía desde o branco/negro á cor, do formato papel ao dixital, e valora as posibilidades que proporciona a tecnoloxía. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCEC • CCL
			<ul style="list-style-type: none"> • EPB 1.3.2. Realiza fotografías utilizando medios tecnolóxicos, analizando, a posteriori, se o encadre é o máis axeitado para o propósito inicial. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCEC • CCL
			<ul style="list-style-type: none"> • EPB 1.3.3. Recoñece os diferentes temas da fotografía. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCEC

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)		CURSO	QUINTO
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 2. EXPRESIÓN ARTÍSTICA				
<ul style="list-style-type: none"> • j • e 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.1. Uso de texturas para caracterizar imaxes e obxectos, e para o tratamento de imaxes dixitalizadas. • B2.2. Preparación de documentos propios da comunicación artística: carteis, programas e guías. • B2.3. Disposición á orixinalidade e á espontaneidade á hora de plasmar ideas. 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.1. Experimentar coas imaxes como unha ferramenta para deseñar documentos de información e comunicación (carteis, guías, folletos etc.) 	<ul style="list-style-type: none"> • EPB2.1.1. Realiza composicións que transmitan emocións e sensacións básicas, utilizando distintos elementos e recursos para os axustar ás necesidades. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCEC • CSIEE • CCL
			<ul style="list-style-type: none"> • EPB2.1.2. Busca un cartel e confecciona o seu propio anuncio. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCEC • CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> • j • e 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.4. Comparación entre as formas que a representación do 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.2. Realizar planos, mapas e carteis, individualmente e 	<ul style="list-style-type: none"> • EPB2.2.1. Confecciona planos, e mapas simples coa axuda das 	<ul style="list-style-type: none"> • CCEC • CMCCT

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)		CURSO	QUINTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> a 	<p>espazo adopta en diferentes áreas ou ámbitos, como mapas de estradas, guías, pintura de paisaxes e planos.</p> <ul style="list-style-type: none"> B2.5. Construción de estruturas e transformación de espazos usando noções métricas e de perspectiva. B2.6. Establecemento de revisións e reflexión sobre o traballo. 	<p>en grupo; manexando as ferramentas básicas do debuxo xeométrico.</p>	<p>ferramentas básicas, individualmente e en grupo.</p>	<ul style="list-style-type: none"> CSC
			<ul style="list-style-type: none"> EPB2.2.2. Utiliza e manexa os elementos que estruturan o espazo gráfico (cuadrícula). 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CMCT
			<ul style="list-style-type: none"> EPB2.2.3. Participa nas actividades propostas e amosa interese por elas, colaborando sempre que se trate dun traballo en grupo 	<ul style="list-style-type: none"> CSC
<ul style="list-style-type: none"> j e 	<ul style="list-style-type: none"> B2.7. Análise das formas de representación de volumes no plano segundo o punto de vista e 	<ul style="list-style-type: none"> B2.3. Imaxinar, debuxar e elaborar obras tridimensionais con 	<ul style="list-style-type: none"> EPB2.3.1. Representa con claroscuro a sensación espacial de composicións volumétricas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CCL

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)		CURSO	QUINTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencia s clave
	<p>a situación no espazo.</p> <ul style="list-style-type: none"> B2.8. Representación con distinta intencionalidade de formas abertas e pechadas, e dos límites e contornos e superficies. 	diferentes materiais.	<ul style="list-style-type: none"> EPB2.3.2. Experimenta coa superposición de planos para crear volume. EPB2.3.3. Utiliza a liña horizontal como elemento expresivo para proporcionar sensación de profundidade. EPB2.3.4. Combina e analiza as cores para as utilizar correctamente na composición. EPB2.3.5. Aproveita a diferenza das texturas achegadas polos lapis de cores e as ceras. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CMCT CCEC CMCT CCEC CCEC

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)		CURSO	QUINTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> EPB2.3.6. Constrúe obxectos tridimensionais. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> j h 	<ul style="list-style-type: none"> B2.9. Uso de texturas para caracterizar obxectos e imaxes. B2.10. Aplicación da posibilidade expresiva da liña, segundo a forma, a dirección, a situación no espazo e a sensación de movemento ou repouso. B2.11. Recreación de espazos imaxinados aplicando conceptos básicos de composición, equilibrio 	<ul style="list-style-type: none"> B2.4. Representa, de forma persoal, ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual. 	<ul style="list-style-type: none"> EPB2.4.1. Debuxa formas, figuras e elementos do contexto con dimensións, proporcións, cores e tamaños axeitados. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CAA
			<ul style="list-style-type: none"> EPB2.4.2. Organiza os espazos das súas producións bidimensionais, utilizando conceptos básicos de composición, equilibrio e proporción. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CMCT

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)		CURSO	QUINTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencia s clave
	e proporción.		<ul style="list-style-type: none"> EPB2.4.3. Analiza e compara as texturas naturais e artificiais, así como as texturas visuais e táctiles, sendo capaz de realizar traballos artísticos utilizando estes coñecementos. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CMCT
			<ul style="list-style-type: none"> EPB2.4.4. Distingue o tema ou xénero de obras plásticas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CMCT
			<ul style="list-style-type: none"> EPB2.4.5. Realiza imaxes humanas, animais e casas, partindo dun bosquexo. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CSIEE

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)		CURSO	QUINTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> • a • b • c 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.12. Constancia e esixencia progresiva no proceso de realización de tarefas plásticas aplicando estratexias creativas e respectando as normas previamente establecidas. • B2.13. Seguimento das normas e das instrucións de manexo e conservación de instrumentos, materiais e espazos. • B2.14. Asunción de responsabilidades no traballo individual e colectivo. 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.5. Participar con interese, coidando e respectando o material, os utensilios e os espazos, desenvolvendo a iniciativa e a creatividade, respectando as normas e as regras previamente establecidas. 	<ul style="list-style-type: none"> • EPB2.5.1. Valora os elementos e os recursos empregados para conseguir o efecto que máis se axuste ao resultado final. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCEC • CSC
			<ul style="list-style-type: none"> • EPB2.5.2. Coida e respecta os materiais, os utensilios e os espazos utilizados. 	<ul style="list-style-type: none"> • CSC
			<ul style="list-style-type: none"> • EPB2.5.3. Participa e amosa interese polas actividades propostas, colaborando na recollida e na organización do material. 	<ul style="list-style-type: none"> • CSC
<ul style="list-style-type: none"> • h 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.15. Elaboración de deseños 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.6. Amosar interese polo 	<ul style="list-style-type: none"> • EPB2.6.1. Completa e realiza os 	<ul style="list-style-type: none"> • CCEC

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)		CURSO	QUINTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencia s clave
<ul style="list-style-type: none"> b 	<p>previos á realización dunha obra para chegar ao resultado final con orde e limpeza.</p> <ul style="list-style-type: none"> B2.16. Establecemento de protocolos de organización, orde, limpeza e presentación. 	<p>traballo, apreciando e valorando a correcta realización de actividades e a presentación.</p>	<p>debuxos utilizando os coñecementos aprendidos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> CSC
			<ul style="list-style-type: none"> EPB2.6.2. Presenta as tarefas con orde e limpeza respectando as normas e indicacións establecidas. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> EPB2.6.3. Amosa interese polo traballo e a aplicación, apreciando a correcta realización dos exercicios e actividades. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CCEC

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)		CURSO	QUINTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> • i • j 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.17. Documentación sobre producións artísticas nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación para un sinxelo tratamento das imaxes, o deseño, a animación e a difusión dos traballos elaborados. 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.7. Utilizar e manexar as tecnoloxías da información e da comunicación como medio de información, investigación e deseño. 	<ul style="list-style-type: none"> • EPB2.7.1. Emprega as novas tecnoloxías para se iniciar no deseño dixital, no tratamento de imaxes ou na animación. 	<ul style="list-style-type: none"> • CD • CCEC
BLOQUE 3. DEBUXO XEOMÉTRICO				
<ul style="list-style-type: none"> • h • j 	<ul style="list-style-type: none"> • B3.1. Exploración das posibilidades da liña recta para iniciar os traballos de xeometría. 	<ul style="list-style-type: none"> • B3.1. Coñecer e utilizar as ferramentas básicas do debuxo xeométrico. 	<ul style="list-style-type: none"> • EPB3.1.1 Coñece e usa as principais ferramentas básicas do debuxo xeométrico (regra, escuadro, cartabón, semicírculo) 	<ul style="list-style-type: none"> • CCEC • CMCCT

.ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)		CURSO	QUINTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencia s clave
	<ul style="list-style-type: none"> B3.2. Seguimento de normas e das instrucións de manexo das ferramentas básicas do debuxo técnico. 		etc.) <ul style="list-style-type: none"> EPB3.1.2. Utiliza o trazado de rectas paralelas. EPB3.1.3. Traza ángulos rectos, de 30 e de 60 graos utilizando as ferramentas básicas. EPB3.1.4. Manexa os efectos visuais da perspectiva para debuxar triángulos e cuadriláteros. EPB3.1.5. Representa e aplica 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CMCCT CCEC CMCCT CCEC CMCCT CCEC

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)		CURSO	QUINTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencia s clave
			adecuadamente o eixe de simetría.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> • EPB3.1.6. Representa formas xeométricas con precisión e coa axuda da cuadrícula e as ferramentas básicas. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCEC • CMCCT

5- Metodoloxía – Conexión do inglés coa plástica:

Temos que ter en conta que, xa que este proxecto se vai levar a cabo , os alumnos e alumnas xa dispoñen dun amplo vocabulario para expresarse en lingua inglesa. É por iso que hai moitísimas palabras propias da área de plástica que xa empregan con normalidade na área de lingua inglesa, tales como: cut, fold, colour, crayon, scissors, draw, picture, pencil, painting, rubber, ruler, glue, brush... Deste xeito xa contamos cunha importante base para comezar a nosa andaina neste novo reto. Despois, ó longo do curso irase ampliando este vocabulario de acordo coas necesidades que vaian xurdindo. Hai que destacar que moitas das actividades a realizar na área de plástica estarán directamente relacionadas con festas ou celebracións que se leven a cabo no centro polo que o vocabulario e o traballo a facer xirará en torno a estes acontecementos (O Samaín, Halloween para o mundo anglosaxón; o nadal, o entroido, a paz, as letras galegas...) Na área de plástica aproveitaranse ao máximo todo este tipo de actividades para contribuír con carteis, decoracións, e demais, de maneira que os titores, o profesor de plástica e todo o centro en xeral coordinaranse para centrar os traballos conforme a intereses comúns. Isto será un punto máis dentro da relevancia da sección bilingüe que abrirá aínda máis o camiño da lingua inglesa como medio de comunicación.

É de destacar a **situación sanitaria** que temos que afrontar como sociedade este curso académico, e polo tanto, que nos afectará dun xeito moi directo no proceso de ensino-aprendizaxe a nivel metodolóxico especialmente ao non poder compartir material ou realizar tarefas cooperativas, entre outras dinámicas.

Distribución do alumnado:

Curso	Nº alumnado:
5º A	16
5º B	15

5.2. Materiais e recursos didácticos:

Consultaranse libros específicos na lingua inglesa para que os alumnos e alumnas aprendan o vocabulario específico.

Visualizaranse vídeos relacionadas co tema a tratar.

Recurrírase tamén aos titores que normalmente fan celebracións especiais e poden requirir a nosa axuda como mestres de plástica en inglés.

Buscaranse recursos en diferentes webs que nos axuden a cumprir cos nosos obxectivos

Faremos algunha visita a lugares que poidan resultar interesantes para o noso proxecto céltico pero que aínda están por concretar (pode ser algún castro celta, o castelo de San Antón, o entorno da torre de Hércules...) } Intentaremos conseguir a colaboración especial dalgún pai, nai ou calquera que poida aportar información sobre o tema a traballar e teña ganas de compartir un tempo connosco.

6- Avaliación da sección bilingüe:

Análise mensual da marcha deste proxecto en reunión de equipo de ciclo así como na C.C.P. (Comisión de Coordinación Pedagóxica).

Trimestralmente avaliaranse os resultados de acordo co PXA.

A finais de curso realizarase unha memoria cos resultados obtidos, as reflexións e as conclusións (figurarán os posibles puntos débiles que sexa necesario reforzar para o seguinte curso)

Autoavaliación docente:

ELEMENTOS A AVALIAR	NON CONSEGUIDO	CONSEGUIDO PARCIALMENTE	CONSEGUIDO
Programación didáctica			
Plans de mellora.			
Medidas de atención á diversidade.			
Temas transversais.			
Obxectivos da materia.			
Competencias clave			
Práctica docente			

a) Técnicas de avaliación:

- Observación continuada dentro e fóra da aula.
- Observación indirecta levada a cabo a través da análise dos traballos individuais e colectivos.
- Diálogos individuais e en gran grupo.

b) Instrumentos de avaliación:

- Observación sistemática.
- Cadernos e fichas.

c) Criterios de calificación:

Non só se terá en conta o traballo de plástica en si mesmo porque somos conscientes de que as destrezas naturais de cada alumno e alumna son diferentes, polo que seremos moi conscientes de valorar o esforzo e interese así coma o comportamento.

- 40% traballos realizados
- 40% interese e esforzo
- 20% comportamento

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

5º EDUCACIÓN PRIMARIA

LINGUA ESTRANXEIRA (INGLÉS)

Gloria Rodríguez Doel

ÍNDICE

1.- Introducción e contextualización	
2.- Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. concreción que recolla a relación de estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais.	
3.- Concreción dos obxectivos para o curso	
4.- Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábel de: temporalización, mínimos esixibles e procedementos e instrumentos de avaliación.	
5.- Concrecións metodolóxicas	
6.- Materiais e recursos didácticos	
7.- Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado	
8.- Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente	
9.- Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados	
10.- Medidas de atención á diversidade	
11.- Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda actividades complementarias e extraescolares	
12.- Actividades complementarias programadas.	
13.- Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados académicos e procesos de mellora	

1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Esta programación está deseñada para o alumnado do 5º nivel de educación primaria do CEIP Plurilingüe San Marcos.

O CEIP Plurilingüe San Marcos sitúase no Concello de Abegondo, na localidade de Abegondo. É un concello de carácter rural, sen núcleos grandes de poboación. A maioría da súa poboación realiza actividades nas áreas de industria e servizos e unha pequena parte da mesma adícase aos traballos propios do campo.

O centro consta de dous edificios unidos por un patio cuberto e un edificio destinado á Educación Infantil. O claustro consta de 31 docentes e ten un total de 306 alumnos (oitenta e sete en Infantil e douscentos dezaioito en Primaria). Trátase dun CEIP de liña 2 con 12 unidades de Educación Primaria e 5 de educación infantil, que ten un horario de xornada de 9:45 a 16:30 (agás nos meses de setembro e xuño que será de 9:45 a 14:15, a excepción dos luns que tamén será de 9:45 a 16:30) e consta dos servizos complementarios de comedor e transporte escolar.

O grupo de 5º educación de primaria está constituído por un total de 31 alumnos/as distribuídos/as en dúas aulas de 16 e 15 alumnos/as cada unha (14 alumnos e 17 alumnas en ámbalas dúas aulas).

2.- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

ÁREA								
C. AVAL.	ESTANDARES DE APRENDIZAJE	CCL	CMCT	CD	CSC	CCEC	CAA	CSIEE
LEB1.1	PLEB1.1. Comprende o sentido global e a información máis importante de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá adecuados á súa idade, procedentes de medios audiovisuais ou da Internet	X						
LEB1.2	PLEB1.2. Comprende os puntos principais e recoñece palabras e expresións coñecidas en textos orais (xogos de ordenador, peticións, instrucións) sobre temas do seu interese, expresados con claridade e que contén con apoio visual en soporte papel ou dixital	X						
LEB1.3	PLEB1.3. Identifica a información máis relevante en interaccións orais nas que participa que traten sobre temas familiares procedentes de diferentes medios de comunicación e da Internet	X		X			X	
LEB1.4	PLEB1.4. escoita atentamente en interaccións cara a cara, sen interromper							
LEB1.5	PLEB1.5. Aмосa interese e respecto polas intervencións orais alleas en prol da mellora da súa pronuncia, entoación e acentuación.	X			X			
LEB2.1	PLEB2.1. Participa de forma activa en situacións reais ou simuladas de comunicación, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, cunha pronuncia e entoación comprensibles	X						
LEB2.2	PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en interaccións cotiás habituais.				X			
LEB2.3	PLEB2.3. Aмосa unha actitude de escoita atenta.	X			X			
LEB2.4	PLEB2.4. Produce textos orais propios, sinxelos e breves (p.e. cancións, conversas telefónicas, dramatizacións) utilizando distintos soportes multimedia.	X		X	X			
LEB2.5	PLEB2.5. Recorda as ideas principais dun texto escoitado e fai un resumo breve sobre o mesmo.	X						
LEB2.6	PLEB2.6. Manifesta interese e respecto polas opinións do seus compañeiros/as.	X			X			
LEB2.7	PLEB2.7. Recoñece a diversidade lingüística da súa contorna como elemento enriquecedor.	X						
LEB2.8	PLEB2.8. Comeza a utilizar correctamente e progresivamente aspectos fonéticos básicos, do ritmo, da acentuación e da entoación da lingua estranxeira para a produción de textos orais comprensibles	X					X	
LEB3.1	PLEB3.1. Comprende información básica escrita en notas, tendas e medios de transporte, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.	X						
LEB3.2	PLEB3.2. Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo, con apoio visual, procedente dos medios de comunicación adaptados á súa competencia lingüística e acorde coa súa idade.	X		X				
LEB3.4	PLEB3.4. Emprega algunhas estratexias básicas para a comprensión lectora.	X					X	
LEB3.5	PLB3.5. Selecciona contos, narracións ou outro material escrito da biblioteca da aula para a súa lectura autónoma, acordes á súa idade e intereses e respectando as súas normas de funcionamento.	X						
LEB3.6	PLB3.6. Formula hipóteses sinxelas a partir de elementos icónicos e títulos que o acompañan e compróbaas.	X					X	X

LEB3.7	PLEB3.7. Valora a lingua escrita como medio de comunicación.	X					X	
LEB3.8	PLEB3.8. Amosa interese por informarse, comunicarse e aprender a través dos textos escritos.	X						X
LEB3.9	PLEB3.9. Amosa interese pola corrección, ortografía básica, puntuación e presentación dos textos escritos.	X						
LEB4.1	PLEB4.1. Elabora textos sinxelos relacionados con temas da súa vida cotiá, experiencias e actividades na aula, traballados previamente de forma oral.	X						
LEB4.2	PLEB4.2. Escribe diálogos simples, a partir de modelos, respectando a estrutura gramatical coñecida e as normas ortográficas básicas.	X						
LEB4.3	PLEB4.3. Escribe textos sinxelos, organizados con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura propios de situacións de relación interpersoal (invitacións, notas, avisos).	X						
LEB4.4	PLEB4.4. Amosa interese polo uso guiado das TIC para producir textos e presentacións e transmitir información escrita.	X		X	X			
LEB4.6	PLEB4.6. Produce mensaxes escritas breves: notas e avisos, instrucións ou normas, cartas, felicitacións, carteis, folletos, cómics o descricións de lugares, gustos ou afeccións)						X	X
LEB4.7	PLEB4.7. Produce textos escritos significativos, en soporte papel ou dixital, de forma individual ou en parella seguindo o modelo traballado (elaboración dunha enquisa, SMS, correspondencia persoal simple en soporte papel ou dixital falando de si mesmo/a e da súa contorna inmediata ...).	X					X	
LEB4.8	PLEB4.8. Uso do dicionario bilingüe e doutros materiais de consulta para a elaboración de textos.	X					X	
LEB4.9	PLEB4.9. Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas etc.	X						
LEB4.10	PLEB4.10. Utiliza a lingua estranxeira escrita de forma correcta en situacións variadas atendendo á súa corrección ortográfica básica.	X						
LEB5.1	PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festividades...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente.	X			X		X	
LEB5.2	PLEB5.2. Amosa curiosidade por aprender a lingua estranxeira e a súa cultura.	X			X			
LEB5.2	PLEB5.2. Participa en actividades de aprendizaxe individuais e colectivas, respecta as ideas dos e das demais e contribúe ao traballo en grupo.	X			X			
LEB5.3	PLEB5.3. Inicia e remata as interaccións adecuadamente.	X			X		X	
LEB5.4	PLEB5.4. Pregunta e responde de xeito comprensible en actividades de aprendizaxe en distintos contextos.	X			X		X	
LEB5.5	PLEB5.5. Identifica en textos simples: as formas de presente e pasado simple, a afirmación e a negación...	X						
LEB5.6	PLEB5.6. Expressa, identifica e distingue actividades variadas de rutina, lecer...	X					X	
LEB5.7	PLEB5.7. Describe unha escena sinxela dicindo o que hai nela, compara dúas ilustracións e identifica as diferenzas, entre outras.	X						X
LEB5.8	PLEB5.8. Describe con máis detalle o seu aspecto físico, gustos, afeccións... de si mesmo/a e doutra persoa.	X					X	

LEB5.9	PLEB5.9. Expresa e distingue as indicacións para chegar a un lugar, así como as instrucións dentro e fóra da aula.	X					X	
LEB5.10	PLEB5.10. Diferenza preguntas e respostas moi simples, así como as que achegan información.	X						
LEB5.11	PLEB5.11. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e persoa, e usa correctamente os nexos básicos.	X						
LEB5.12	PLEB5.12. Memoriza rutinas lingüísticas coñecidas para desenvolverse nas interaccións dentro e fóra da aula.	X					X	
LEB5.14	PLEB5.14. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario necesario para participar nas interaccións da aula ou fóra da aula, ler textos próximos á súa idade e escribir con léxico traballado previamente.	X					X	
LEB5.15	PLEB5.15. Compara aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas.	X					X	
LEB5.16	PLEB5.16. Establece similitudes e diferenzas das linguas que hai na aula ou na súa contorna máis próxima.	X			X			
LEB5.17	PLEB5.17. Valorar as linguas como instrumento de comunicación, para aprender e acercarse a outras culturas.	X			X			

2.1- RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAJE AVALIABLES

COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA - CCL
Comprende o sentido global e a información máis importante de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá adecuados á súa idade, procedentes de medios audiovisuais ou da Internet
Comprende os puntos principais e recoñece palabras e expresións coñecidas en textos orais (xogos de ordenador, peticións, instrucións) sobre temas do seu interese, expresados con claridade e que contén con apoio visual en soporte papel ou dixital
Identifica a información máis relevante en interaccións orais nas que participa que traten sobre temas familiares procedentes de diferentes medios de comunicación e da Internet
Amosa interese e respecto polas intervencións orais alleas en prol da mellora da súa pronuncia, entoación e acentuación.
Participa de forma activa en situacións reais ou simuladas de comunicación, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, cunha pronuncia e entoación comprensibles
Amosa unha actitude de escoita atenta.
Produce textos orais propios, sinxelos e breves (p.e. cancións, conversas telefónicas, dramatizacións) utilizando distintos soportes multimedia.
Recorda as ideas principais dun texto escoitado e fai un resumo breve sobre o mesmo.
Manifesta interese e respecto polas opinións do seus compañeiros/as.
Recoñece a diversidade lingüística da súa contorna como elemento enriquecedor.
Comeza a utilizar correctamente e progresivamente aspectos fonéticos básicos, do ritmo, da acentuación e da entoación da lingua estranxeira para a produción de textos orais comprensibles
Comprende información básica escrita en notas, tendas e medios de transporte, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.
Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo, con apoio visual, procedente dos medios de comunicación adaptados á súa competencia lingüística e acorde coa súa idade.
Emprega algunhas estratexias básicas para a comprensión lectora.
Selecciona contos, narracións ou outro material escrito da biblioteca da aula para a súa lectura autónoma, acordes á súa idade e intereses e respectando as súas normas de funcionamento.
Formula hipóteses sinxelas a partir de elementos icónicos e títulos que o acompañan e compróbaas.
Valora a lingua escrita como medio de comunicación.
Amosa interese por informarse, comunicarse e aprender a través dos textos escritos.
Amosa interese pola corrección, ortografía básica, puntuación e presentación dos textos escritos.
Elabora textos sinxelos relacionados con temas da súa vida cotiá, experiencias e actividades na aula, traballados previamente de forma oral.
Escribe diálogos simples, a partir de modelos, respectando a estrutura gramatical coñecida e as normas ortográficas básicas.
Escribe textos sinxelos, organizados con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura propios de situacións de relación interpersoal (invitacións, notas, avisos).
Amosa interese polo uso guiado das TIC para producir textos e presentacións e transmitir información escrita.
Produce textos escritos significativos, en soporte papel ou dixital, de forma individual ou en parella seguindo o modelo traballado (elaboración dunha enquisa, SMS, correspondencia persoal simple en soporte papel ou dixital falando de si mesmo/a e da súa contorna inmediata ...).
Uso do dicionario bilingüe e doutros materiais de consulta para a elaboración de textos.
Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas etc.
Utiliza a lingua estranxeira escrita de forma correcta en situacións variadas atendendo á súa corrección ortográfica básica.
Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festividades...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente.
Amosa curiosidade por aprender a lingua estranxeira e a súa cultura.
Participa en actividades de aprendizaxe individuais e colectivas, respecta as ideas dos e das demais e contribúe ao traballo en grupo.

Inicia e remata as interaccións adecuadamente.
Pregunta e responde de xeito comprensible en actividades de aprendizaxe en distintos contextos.
Identifica en textos simples: as formas de presente e pasado simple, a afirmación e a negación...
Expresa, identifica e distingue actividades variadas de rutina, lecer...
Describe unha escena sinxela dicindo o que hai nela, compara dúas ilustracións e identifica as diferenzas, entre outras.
Describe con máis detalle o seu aspecto físico, gustos, afeccións... de si mesmo/a e doutra persoa.
Expresa e distingue as indicacións para chegar a un lugar, así como as instrucións dentro e fóra da aula.
Diferencia preguntas e respostas moi simples, así como as que achegan información.
Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e persoa, e usa correctamente os nexos básicos.
Memoriza rutinas lingüísticas coñecidas para desenvolverse nas interaccións dentro e fóra da aula.
Comprende e usa adecuadamente o vocabulario necesario para participar nas interaccións da aula ou fóra da aula, ler textos próximos á súa idade e escribir con léxico traballado previamente.
Compara aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas.
Establece similitudes e diferenzas das linguas que hai na aula ou na súa contorna máis próxima.
Valorar as linguas como instrumento de comunicación, para aprender e acercarse a outras culturas.

COMPETENCIA DIXITAL - CD
Identifica a información máis relevante en interaccións orais nas que participa que traten sobre temas familiares procedentes de diferentes medios de comunicación e da Internet
Produce textos orais propios, sinxelos e breves (p.e. cancións, conversas telefónicas, dramatizacións) utilizando distintos soportes multimedia.
Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo, con apoio visual, procedente dos medios de comunicación adaptados á súa competencia lingüística e acorde coa súa idade.
Amosa interese polo uso guiado das TIC para producir textos e presentacións e transmitir información escrita

APRENDER A APRENDER - CAA
Identifica a información máis relevante en interaccións orais nas que participa que traten sobre temas familiares procedentes de diferentes medios de comunicación e da Internet
Comeza a utilizar correctamente e progresivamente aspectos fonéticos básicos, do ritmo, da acentuación e da entoación da lingua estranxeira para a produción de textos orais comprensibles
Emprega algunhas estratexias básicas para a comprensión lectora
Formula hipóteses sinxelas a partir de elementos icónicos e títulos que o acompañan e compróbaas.
Valora a lingua escrita como medio de comunicación.
Produce mensaxes escritas breves: notas e avisos, instrucións ou normas, cartas, felicitacións, carteis, folletos, cómics o descrições de lugares, gustos ou afeccións)
Produce textos escritos significativos, en soporte papel ou dixital, de forma individual ou en parella seguindo o modelo traballado (elaboración dunha enquisa, SMS, correspondencia persoal simple en soporte papel ou dixital falando de si mesmo/a e da súa contorna inmediata ...).
Uso do dicionario bilingüe e doutros materiais de consulta para a elaboración de textos.
Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festividades...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente
Inicia e remata as interaccións adecuadamente.
Pregunta e responde de xeito comprensible en actividades de aprendizaxe en distintos contextos.
Expresa, identifica e distingue actividades variadas de rutina, lecer...
Describe con máis detalle o seu aspecto físico, gustos, afeccións... de si mesmo/a e doutra persoa.
Expresa e distingue as indicacións para chegar a un lugar, así como as instrucións dentro e fóra da aula.
Memoriza rutinas lingüísticas coñecidas para desenvolverse nas interaccións dentro e fóra da aula.
Comprende e usa adecuadamente o vocabulario necesario para participar nas interaccións da aula ou fóra da aula, ler textos próximos á súa idade e escribir con léxico traballado previamente.
Compara aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas.

COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS - CSC
Amosa interese e respecto polas intervencións orais alleas en prol da mellora da súa pronuncia, entoación e acentuación.
Pregunta e responde para dar/obter información en interaccións cotiás habituais.
Amosa unha actitude de escoita atenta.
Produce textos orais propios, sinxelos e breves (p.e. cancións, conversas telefónicas, dramatizacións) utilizando distintos soportes multimedia.
Manifesta interese e respecto polas opinións dos seus compañeiros/as.
Amosa interese polo uso guiado das TIC para producir textos e presentacións e transmitir información escrita.
Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festividades...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente.
Amosa curiosidade por aprender a lingua estranxeira e a súa cultura.
Participa en actividades de aprendizaxe individuais e colectivas, respecta as ideas dos e das demais e contribúe ao traballo en grupo.
Inicia e remata as interaccións adecuadamente.
Pregunta e responde de xeito comprensible en actividades de aprendizaxe en distintos contextos.
Establece similitudes e diferenzas das linguas que hai na aula ou na súa contorna máis próxima.
Valorar as linguas como instrumento de comunicación, para aprender e acercarse a outras culturas.

SENTIDO DE INICIATIVA E ESPIRITO EMPRENDEDOR - CSIEE
Formula hipóteses sinxelas a partir de elementos icónicos e títulos que o acompañan e compróbaas.
Amosa interese por informarse, comunicarse e aprender a través dos textos escritos
Produce mensaxes escritas breves: notas e avisos, instrucións ou normas, cartas, felicitacións, carteis, folletos, cómics o descrições de lugares, gustos ou afeccións)
Describe unha escena sinxela dicindo o que hai nela, compara dúas ilustracións e identifica as diferenzas, entre outras

3.- CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO

Segundo a orde do 23/07/2014 (DOG do 14 de agosto) os obxectivos fixados para a etapa da educación primaria son os que se relacionan na seguinte táboa. Trataremos de adecuar estes obxectivos aos nosos alumnos.

a	Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordó con elas, preparárense para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
b	Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
c	Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais con que se relacionan.
d	Coñecer, comprender e respectar as culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non-discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
e	Coñecer e utilizar de forma apropiada a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as dúas linguas.
f	Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
g	Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situación da súa vida cotiá.
h	Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
i	Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciban e elaboren.
j	Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
k	Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
l	Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
m	Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestión de diversidade afectivo-sexual.
n	Fomentar a educación viaria e as actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
o	Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, salientando as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

E os obxectivos para o 5º de primaria para cada unha das áreas son os seguintes:

LINGUA ESTRANXEIRA (INGLÉS)

- Entende o que se lle di en transaccións habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos).
- Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar.
- Fai presentacións breves e sinxelas, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas cotiás ou do seu interese (presentarse e presentar a outras persoas; dar información básica sobre si mesmo, a súa familia e a súa clase; indicar as súas afeccións e intereses e as principais actividades do seu día a día; describir brevemente e de maneira sinxela a súa habitación, o seu menú preferido, o aspecto exterior dunha persoa, ou un obxecto; presentar un tema que lle interese (o seu grupo de música preferido); dicir o que lle gusta e non lle gusta e dar a súa opinión) usando estruturas sinxelas e cunha pronuncia e entoación comprensible.
- Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos, listas de prezos, anuncios, guías telefónicas, publicidade, folletos turísticos, programas culturais ou de eventos etc.
- Comprende correspondencia (SMS, correos electrónicos, postais e tarxetas) breve e sinxela que trate sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar, a indicación da hora e o lugar dunha cita etc.
- Comprende o esencial de historias breves e ben estruturadas e identifica os e as personaxes principais, a condición de que a imaxe e a acción condúzan gran parte do argumento (lecturas adaptadas, cómics etc.).
- Completa un breve formulario ou unha ficha cos seus datos persoais (por exemplo, para rexistrarse nas redes sociais, para abrir unha conta de correo electrónico etc.).
- Escribe correspondencia persoal breve e simple (mensaxes, notas, postais, correos, chats ou SMS) na que dá as grazas, felicita a alguén, fai unha invitación, dá instrucións, ou fala de si mesmo/a e da súa contorna inmediata (familia, amigos e amigas, afeccións, actividades cotiás, obxectos e lugares) e fai preguntas relativas a estes temas.
- Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou dun lugar.
- Participa en conversas cara a cara ou por medios técnicos (teléfono, Skype) nas que se establece contacto social (dar as grazas, saudar, despedirse, dirixirse a alguén, pedir desculpas, presentarse, interesarse polo estado de alguén, felicitar a alguén), se intercambia información persoal e sobre asuntos cotiás, se expresan sentimentos, se ofrece algo a alguén, se pide prestado algo, queda con amigos e amigas ou se dan instrucións (p. e. como se chega a un sitio con axuda dun plano).
- Coñece a maioría do vocabulario traballado durante o curso oralmente e por escrito: actividades, o alfabeto, números do 1 ao 100, a escola, tarefas domésticas e de tempo libre, a saúde, comida, animais, deportes, obxectos da casa, programas de televisión e a hora

- É capaz de describir persoas, animais, obxectos e lugares
- É capaz de preguntar a outro sobre información persoal, idade, nome, lugar de residencia, nacionalidade.
- Sabe expresar sentimentos básicos: alegría, tristura.
- Comprende frases escritas simples da gramática traballada.
- Comprende o esencial de historias e identifica aos personaxes principais.
- É capaz de manter unha conversa sobre os temas traballados facendo uso do vocabulario e as estruturas aprendidas.
- Comprende o presente simple e o presente continuo.

4.- TEMPORALIZACIÓN, MÍNIMOS, PROCEDIMENTOS/INSTRUMENTOS DA AVALIACIÓN

ÁREA						
C. AVAL	Estándares	Indicador mínimo de logro	T1	T2	T3	Criterios cualificación: Proc/Inst
LEB1.1	Comprende o sentido global e a información máis importante de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá adecuados á súa idade, procedentes de medios audiovisuais ou da Internet.	Comprende a información que recibe proveniente dos diferentes medios orais, escritos e audiovisuais.	x	x	x	PROC: Observación sistemática INST: Producións orais. Rexistro. Proba obxectiva
LEB1.5	Amosa interese e respecto polas intervencións orais alleas en prol da mellora da súa pronuncia, entoación e acentuación	Amosa interese e respecto polas intervencións orais alleas en prol da mellora da súa pronuncia, entoación e acentuación	x	x	x	PROC: Observación sistemática INST: Rexistro.
LEB2.4	Produce textos orais propios, sinxelos e breves (p.e. cancións, conversas telefónicas, dramatizacións) utilizando distintos soportes multimedia.	Produce textos orais propios, sinxelos e breves utilizando distintos soportes multimedia.	x	x	x	PROC: Análise das producións INST: Producións orais. Proba obxectiva
LEB2.8	Comeza a utilizar correctamente e progresivamente aspectos fonéticos básicos, do ritmo, da acentuación e da entoación da lingua estranxeira para a produción de textos orais comprensibles	Utiliza progresivamente aspectos básicos, do ritmo, da acentuación e da entoación da lingua estranxeira para a produción de textos orais.	x	x	x	PROC: Análise das producións INST: Proba obxectiva
LEB3.1	Comprende información básica escrita en notas, tendas e medios de transporte, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.	Comprende información básica escrita cos temas traballados previamente de forma oral.	x	x	x	PROC: Observación sistemática INST: Rexistro
LEB3.9	Amosa interese pola corrección, ortografía básica, puntuación e presentación dos textos escritos	Interesase pola corrección, e presentación dos textos escritos	x	x	x	PROC: Observación sistemática INST: Rexistro
LEB4.1	Elabora textos sinxelos relacionados con temas da súa vida cotiá, experiencias e actividades na aula, traballados previamente de forma oral.	Elabora textos sinxelos relacionados con temas traballados previamente de forma oral.		x	x	PROC: Análise produción INST: Proba obxectiva
LEB4.2	Escrebe diálogos simples, a partir de modelos, respectando a estrutura gramatical coñecida e as normas ortográficas básicas.	Escrebe diálogos simples, a partir de modelos.		x	x	PROC: Análise produción INST: Rexistro
LEB4.9	Utiliza a lingua estranxeira escrita de forma correcta en situacións variadas atendendo á súa corrección ortográfica básica	Utiliza a lingua estranxeira escrita de forma correcta en situacións variadas atendendo á súa corrección ortográfica básica	x	x	x	PROC: Análise produción INST: Rexistro. Probas obxectivas

LEB5.1	Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festividades...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente.	Identifica, compara aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira cos propios.	x	x	xx	PROC: Observación sistemática INST: Rexistro
LEB5.5	Identifica en textos simples: as formas de presente e pasado simple, a afirmación e a negación...	Identifica en textos simples: as formas de presente e pasado simple, a afirmación e a negación...		x	x	PROC: Producións propias. Observación INST: Rexistro. Proba obxectiva
LEB5.11	Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e persoa, e usa correctamente os nexos básicos.	Produce textos sinxelos adecuados aos elementos básicos.		x	x	PROC: Producións propias. Observación INST: Rexistro. Proba obxectiva
LEB5.14	Comprende e usa adecuadamente o vocabulario necesario para participar nas interaccións da aula ou fóra da aula, ler textos próximos á súa idade e escribir con léxico traballado previamente	Usa adecuadamente vocabulario necesario para interaccións de aula ou fóra dela, ler ou escribir textos con léxico coñecido		x	x	PROC: Producións propias. Observación INST: Rexistro. Proba obxectiva

5.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

A metodoloxía didáctica a levar a cabo na aula constará cuns principios metodolóxicos comúns a por en práctica en todas as áreas do currículo, baseados en:

1	Atender aos diferentes ritmos do alumnado.
2	Fomentar o traballo cooperativo.
3	Partir da aprendizaxe significativa.
4	Partir dos intereses do alumnado.
5	Potenciar a actividade.
6	Salientar aquelas aprendizaxes básicas e imprescindibles e seleccionar aqueles contidos que sexan máis relevantes para acadar as distintas competencias.
7	Dotar os contidos dun enfoque integrador promovendo a globalización.
8	Centrarse na funcionalidade, orientando as aprendizaxes cara á súa aplicación en contextos diferentes e diversificados.
9	Procurar que o alumnado aprenda a aprender.
10	Introducirse no traballo por proxectos.
11	Introducir as TIC's.

Seguindo o recollido no currículo de educación primaria da nosa comunidade,

“Deseñaranse actividades de aprendizaxe integradas que permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo. “
(currículo da EP en Galicia, DOG 09/09/14)

Atendendo a esta premisa se deseñarán actividades de aprendizaxe ao arredor dun tema proposto polo propio alumnado ou polas mestras estimulando ao alumnado a interrogarse sobre as cousas e a involucrarse no proceso de construción do coñecemento.

- Grupo cooperativo.
- Gran grupo.

Os principios nos que baseamos a proposta son os seguintes:

Desde a perspectiva epistemolóxica das diferentes áreas de coñecemento:

- Non todos coñecemos igual en todo momento.
- En cada momento hai influencias sobre o coñecemento que proveñen das experiencias previas e das situacións novas.
- O coñecemento é o resultado da interacción entre as experiencias previas e as situacións novas; polo que, máis que transmitirse, constrúese mediante a práctica, co cal se pon de relevo o seu carácter construtivista, social e interactivo.
- Calquera coñecemento pode ter diferentes lecturas, significados e presentacións, que poden ser todos obxectivos. Ensinar/aprender supón contrastar perspectivas, enriquecer esquemas conceptuais con novas contribucións por parte de todos, superar as lagoas e emendar os erros.
- O ensino debe buscar interaccións cada vez máis ricas e significativas entre os elementos proporcionados por diferentes soportes (textos, audiovisuais...), mediadores (docentes, compañeiros, pais), métodos (didácticas: xeral e especiais) e situacións ou feitos (da vida cotiá, descubrimentos, centros de interese...): globalidade e significatividade.

Desde a perspectiva psicolóxica:

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado:
- Das súas características evolutivo-madurativas específicas, en xeral.
- Do seu nivel de competencia cognitiva e metacognitiva.
- Dos coñecementos previamente construídos.
- Asegurar aprendizaxes construtivas e significativas:
- Diagnosticando os coñecementos previos que posúe.

- Conectando e integrando os contidos e estratexias previos cos novos por vivir e aprender. O alumnado, co que sabe e grazas á maneira como o profesor ou a profesora lle presentan a información, reorganiza o seu coñecemento entrando en novas dimensións, transferindo ese coñecemento a outras situacións, descubrindo os principios e procesos que o explican, mellorando a súa capacidade organizativa comprensiva para outras experiencias, ideas, valores e procesos de pensamento que vai adquirir dentro e fóra da aula.
- Favorecer a aprendizaxe autónoma:
- Desenvolvendo o profesorado un modelo curricular de natureza procesual que asegure que o alumnado realice aprendizaxes significativas por si mesmos, aprendendo a aprender, adquirindo estratexias cognitivas e metacognitivas que favorezan o asentamento dunha boa memoria comprensiva (semántica). Modelo que, partindo do establecemento de redes conceptuais que permitan representar toda a estrutura da materia de xeito sinxelo e claro, das cales se poidan formar os esquemas conceptuais e cognitivos oportunos, permita a xeración de mapas cognitivos que establezan relacións entre os distintos contidos e faciliten a percepción da súa estrutura ao dar resposta adecuada aos tres interrogantes que a ciencia se fai: que (descrición) e os seus detalles (cales, como, onde e cando), porque (explicación) e para que (intervención).
- Modificando progresivamente os esquemas previos do coñecemento dos alumnado desde o saber cotián ata o saber científico.
- Potenciar a actividade:
- Facilitando a reflexión á hora da acción.
- Posibilitando que o alumno e a alumna cheguen a facer aquelas actividades que aínda non son capaces de realizar sós, pero si coa axuda conveniente (zona de desenvolvemento potencial).

Desde a perspectiva pedagóxica

- Partir da avaliación inicial, específica e global:
- Das súas aptitudes e actitudes.
- Das súas necesidades e intereses.
- Dos seus coñecementos previos, xerais e por áreas.
- Motivar axeitadamente:
- Creando situacións que conecten cos seus intereses e expectativas, partindo das súas propias experiencias.
- Propiciando un clima de comunicación, cooperación e harmonía nas relacións.
- Espertando unha motivación intrínseca que potencie o gusto por aprender, especialmente a través dunha atribución causal positiva, tanto do profesorado como do propio alumnado.
- Analizar os esquemas previos de coñecemento:
- Asegurando que se posúen os requisitos básicos para poder abordar a seguinte nova aprendizaxe.
- Reforzando os conceptos previos máis débiles e sensibles.

- Fomentar a zona de desenvolvemento potencial na adquisición dos novos coñecementos:
- Incorporando mediante a actitude docente o exemplo adecuado que se debe seguir (currículo implícito ou latente).
- Facilitando que poida desenvolver a súa actividade coa mínima axuda necesaria. Consolidando os enlaces entre os coñecementos previos e os novos. Estructurando e dosificando os novos contidos conceptuais de forma apropiada (redes, esquemas e mapas).
- Promovendo a funcionalidade das aprendizaxes, aplicándoas e transferíndoas a outras situacións ou contidos diferentes.
- Tendo moi en conta os coñecementos de cada materia, respectando a súa estrutura epistemolóxica, a súa lóxica interna específica e os avances do momento.

Especificamente, estes principios deben facilitar:

- A conexión co nivel de desenvolvemento real e potencial do alumnado atendendo ás súas diferenzas individuais e partindo do próximo para chegar ao afastado. Esta atención á diversidade e requirirá a elaboración de programas específicos que asuman a función compensadora que pretenda Educación Primaria.
- A comunicación a través do diálogo e a apertura a outras formas de pensar e obrar.
- Un clima afectivo rico en vivencias baseadas no respecto mutuo, que procure a motivación necesaria para espertar, manter e incrementar o interese dos alumnos e das alumnas.
- Progreso do xeral ao particular, de forma cíclica, en función do pensamento globalizado do alumno e da alumna, integrando as áreas coa formulación de contidos conceptuais, procedementais e actitudinais comúns, tendo en conta a transversalidade do currículo.
- A adaptación da acción educativa ás diferenzas persoais (capacidade, intereses e ritmo de aprendizaxe), como base do desenvolvemento integral e autónomo.
- Espírito de grupo co exercicio da participación e a cooperación, practicando a aprendizaxe grupal, a interacción e a interrelación de iguais e de discentes e docente.
- A organización de contidos, de xeito que exista harmonía entre as metas e os medios que se utilizan para acadalas.
- A actividade constante do alumno e da alumna, xa que se entende como ferramenta básica da aprendizaxe autorregulada.
- A flexibilidade adecuada nas diversas situacións de aprendizaxe, tanto na selección da metodoloxía máis aconsellable en cada caso como nos aspectos organizativos espazo-temporais.
- A aprendizaxe construtivo-significativa, partindo da consolidación do saber anterior e do reforzo daquel que permita enlazar os organizadores previos co novo coñecemento que se debe adquirir.
- O xogo como elemento motivador fundamental na construción da moralidade, xa que regula o paso da heteronomía á autonomía persoal e social.
A creatividade como forma diversificada e enriquecedora de comunicación.

- Tránsito desde a formación de conceptos e a aplicación de procedementos á construción de hábitos e á definición de actitudes, culminando a consolidación de valores e respecto das normas.
- Contacto escola-familia como marco afectivo-efectivo de relacións e, por extensión, de toda a comunidade educativa.

Agrupamento do alumnado.

O agrupamento é unha esixencia da diversidade e é un indicador da autonomía do centro, e ten como finalidade garantir que todos os alumnos aprendan e consigan os obxectivos educativos marcados. A diversidade de agrupamentos proporciona unha mellor explotación das actividades escolares e constitúe un instrumento da educación metodolóxica ás necesidades dos alumnos.

Os criterios de distribución do alumnado por aulas son moi diversos e deben ter en conta aspectos como o punto de partida do/a alumno/a ao chegaren ao inicio do ciclo e de cada curso, as peculiaridades educativas do centro e a natureza da área ou actividade. Estes son os criterios máis empregados na agrupación:

- Idade cronolóxica.
- Equilibrio nenos/nenas.
- Rendemento académico e ritmo de aprendizaxe.
- Intereses.
- Motivación.
- Natureza área/materia.

O agrupamento non ten porque limitarse a un único modelo, xa que supón limitar o potencial enriquecedor do proceso educativo. Establecer diferentes agrupamentos facilita a aprendizaxe entre iguais, a cooperación e o traballo colaborativo, a cohesión do grupo, o traballo por proxectos, a atención á diversidade e, a pertenza ao centro, a mediación en conflitos e a relación co contorno e cos servizos da comunidade.

Segundo as características e necesidades do alumnado, e segundo a natureza disciplinar da actividade ou área, os tipos de agrupamentos máis empregados son:

- Aula
- Gran grupo
- Pequeno grupo ou parella
Obradoiros
- Equipos de traballo cooperativo
- Grupos de actividade

Organización dos espazos.

Desde unha perspectiva de etapa, o contido das decisións relativas á organización do espazo pode referirse a:

- Espazos propios do grupo (aula): cada titor/a organizará o espazo na súa aula como crea conveniente para o desenvolvemento da actividade lectiva tendo en conta variables como idade e agrupamento do alumnado, mobiliario, iluminación, temperatura, materiais existentes na aula...
- Espazos compartidos polo alumnado: o alumnado de Primaria non pode compartir espazos por mor da pandemia, polo tanto cada grupo será burbulla e terá o seu propio espazo tanto na aula como no patio á hora de recreo matinal e á hora do descanso de despois do comedor.

Organización dos tempos.

As previsións de traballo na aula e no centro escolar deben axustarse realmente ao tempo dispoñible. Por iso, é preciso realizar unha temporización que inclúa a elaboración dun horario xeral, co correspondente desenvolvemento das áreas e dun horario da actividade docente, no que se terán en conta as restantes actividades organizativas do centro.

As horas lectivas desta asignatura neste curso son tres

6.- RECURSOS E MATERIAIS DIDÁCTICOS

Con carácter xeral empregaranse os seguintes:

- Fichas de traballo elaboradas polos mestres.
- Caderno de traballo.
- Láminas e murais.
- Xogos didácticos
- Materiais elaborados polas mestras e o alumnado.
- Aula virtual e web do centro.
- Recursos didácticos dixitais.
- Libro do alumno.
- Biblioteca de aula e de centro.
- Aula de informática.
- Libros de lectura persoais dos alumnos.
- Libros da biblioteca.
- Cartolinas, tesoiras e rotuladores.
- Xogos da aula.
- Revistas, xornais, páxinas web, blogs,... ➤ CD e DVD.
- Ordenador da aula.
- Programas educativos interactivos.
- Pizarra dixital.
- Fichas, murais, carteis,...
- Material funxible (papel vexetal, ceras,...).
- Fotografías, vídeos ➤ Moedas e billetes.

7.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	
AREA: LINGUA ESTRANXEIRA (INGLÉS)	
B1.1	Comprender a idea global e a información máis importante en textos orais moi breves, con estruturas simples e coñecidas cun léxico de uso moi frecuente e conectados cos propios intereses e coas propias experiencias do alumnado, articulados con claridade e transmitidos de viva voz ou por soportes multimedia que non distorsionen a mensaxe.
B1.2	Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral e a información máis importante do texto.
B1.3	Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos nos diferentes contextos comunicativos de forma significativa.
B2.1	Interactuar en situacións reais ou simuladas sinxelas de comunicación sobre temas dos seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, usando expresións e frases feitas de uso frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos (and/or/then/but).
B2.2	Participar de forma activa e cooperativa en situacións funcionais de comunicación que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou temas do seu interese cunha pronuncia axeitada e empregando as convencións propias do proceso comunicativo.
B2.3	Valorar a lingua estranxeiras como instrumento de comunicación
B2.4	Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e de uso diario.
B3.1	Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e cun léxico cotián de interese para o alumnado e que conte con apoio visual en soporte papel ou dixital
B3.2	Recoñecer as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e as ideas principais en textos escritos sinxelos.
B3.3	Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas básicas que expresen pausas, exclamacións e interrogacións.
B3.4	Recoñecer os signos ortográficos básicos (punto e coma), así como os símbolos frecuentes
B4.1	Elaborar textos sinxelos propios, compostos de frases simples illadas, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.
B4.2	Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a produción de textos escritos.
B4.7	Usar ferramentas informáticas para completar actividades preelaboradas polo persoal docente, realizar sinxelas presentacións e transmitir información
B4.8	Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección frases curtas que utiliza normalmente ao falar, cunha ortografía aceptable.
B5.1	Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos e significativos e aplicar progresivamente os coñecementos adquiridos sobre estes, a unha comprensión adecuada do texto oral e escrito.
B5.2	Amosar curiosidade pola lingua e pola súa cultura.
B5.3	Amosar interese en participar en actividades individuais, así como respecto e cooperación nas situacións de aprendizaxe en grupo
B5.3	Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente en situacións reais ou simuladas en contextos menos dirixidos.
B5.4	Obter e dar información persoal máis detallada, aparencia física, afeccións... en situacións comunicativas habituais dentro e fóra da aula.
B5.6	Expresarse en tempo presente e pasado simple, afirmativa e negativa, 1ª e 3ª persoa...
B5.6	Expresar nocións básicas relativas a accións cotiás, de lecer...
B5.7	Expresar e identificar a existencia de seres vivos ou obxectos.
B5.8	Descibirse fisicamente, achegando información complementaria, a si mesmo/a ou a outra persoa
B5.9	Expresa e comprende indicacións e ordes.
B5.10	Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.
B5.11	Utiliza as estruturas sintácticas de progresiva dificultade (p. e. enlazar frases sinxelas con conectores (and, or, then but), pero adecuándoas aos propósitos comunicativos.

B5.12	Recoñecer estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados.
B5.13	Mostrar un control dun conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro dun repertorio memorizado.
B5.14	Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en situacións comunicativas sinxelas da vida da aula ou fóra dela.
B5.15	Recoñecer un repertorio limitado de léxico de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas súas experiencias
B5.16	Comparar aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas (horarios, hábitos, festividades...)
B5.17	Indagar a realidade plurilingüe e multicultural das familias e da súa contorna, e identificar semellanzas e diferenzas, evitando os estereotipos.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN. ÁREA: Lingua estranxeira (Inglés)							
	%	Instrumento	Observación				
Traballo na aula	10	Cadernos, fichas, traballos (control diario)	Controlarase o traballo diario feito no caderno ou os exercicios dixitais, segundo corresponda				
Participación	20	Intercambios comunicativos (rexistro)	Traballos de grupo ou individuais, presentación, exposicións				
Actitude	10	Observación directa (rexistro)	Valorar o esforzo personal e actitude				
Probas obxectivas	60	Probas escritas e probas orais (sobre a historia da unidade, situacións estudadas no tema ou cancións previamente traballadas.	Escritas (valor 0 a 10)			Orais	
			Reading	Listening	Writing	Grammar Skills	20 %
			10%	10%	10%	10%	

CRITERIOS DE PROMOCIÓN	
Promociona ao seguinte nivel o alumnado:	
1	Con avaliación positiva en todas as áreas.
2	Con avaliación negativa en dúas áreas, sempre que non sexan dúas destas tres: Lingua Galega, Lingua Castelá e Matemáticas.
3	Que xa permaneceu un curso máis no nivel.
4	Que, a pesares de ter avaliación negativa nas áreas sinaladas no apartado 2, se considere que a medida de promoción é adecuada para a súa evolución persoal e social. Esta decisión será tomada pola xunta de avaliación correspondente.

8.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO	Valoración				Propostas de mellora
	1	2	3	4	
O nivel de dificultade foi adecuado ás					
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado.					
Contouse co apoio e coa implicación das familias no					
Mantívo-se un contacto periódico coas familias.					
Adoptáronse as medidas curriculares e organizativas					
Atendeuse adecuadamente á diversidade do					
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.					
Dáse un peso real á observación do traballo na aula.					
Valorouse adecuadamente o traballo en colaboración					

AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE	Valoración				Propostas de mellora
	1	2	3	4	
Busco información previa sobre o tema a tratar e planifico o traballo con suficiente antelación.					
Teño en conta os coñecementos previos dos alumnos/as e os seus intereses.					
Preparo actividades motivadoras para o alumna do que combinen o traballo individual e en grupo.					
Ofrezco a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.					
Elaboro actividades de apoio, reforzo..., para unha adecuada atención á diversidade tendo en conta os					
Utilizo distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.					
Implico aos alumnos no proceso de aprendizaxe proponendo técnicas de aprendizaxe cooperativo, tarefas de grupo, facendo debates...					
Relaciono os contidos de todas as áreas.					
Avalío a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación e ampliación					
Valoro a adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.					
Potencio estratexias de animación á lectura.					
Incorporo as TIC aos procesos de ensino– aprendizaxe.					

AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE	Valoración				Propostas de mellora
	1	2	3	4	
Coordínome cos mestres do nivel para a secuenciación dos contidos e a planificación de actividades.					

9.- DISEÑO E AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS

A avaliación inicial realizarase durante as primeiras semanas do curso académico. Nela recolleremos información sobre:

	Instrumento de avaliación
Grao de desenvolvemento na competencia matemática e lingüística	Probas escritas e orais
Informe previos	Consulta do expediente
Entorno socio familiar Datos de interese	Entrevista coa familia Entrevista cos mestres do curso pasado

Estes son os indicadores a avaliar para determinar o grao de desenvolvemento na competencia lingüística.

AVALIACIÓN INICIAL ÁREA DE LINGUAS (Inglés)		
Indicador	Acadado	Non acadado
Fala empregando un vocabulario axeitado a súa idade.		
Le un texto breve coa pronuncia, a entoación e o ritmo axeitados.		
Interpreta un texto e responde preguntas de comprensión.		
Identifica e separa correctamente as palabras que forman parte dunha oración.		
Aplica axeitadamente nos seus escritos o uso de la maiúscula inicial, a maiúscula en nomes propios, a coma nas enumeracións e o punto final.		
Redacta textos sinxelos de uso habitual no seu entorno.		

- Os resultados acadados nesta permitirán establecer o punto de partida para a adquisición de novas aprendizaxes.
- Levaranse a cabo as accións necesarias para acadar os items con dificultades.

10.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Para atender estas necesidades partiremos de dous principios de actuación: partir dos mínimos esixibles do currículo e deseñar actividades que se axusten aos diferentes ritmos de traballo e aprendizaxe.

Levarase a cabo un seguimento individualizado, non so dos resultados, senón de todo o proceso de adquisición das aprendizaxes comprobando que comprenden as instrucións, as levan a cabo de xeito máis ou menos autónomo e o nivel de expectativa non supera en demasía a súa capacidade de evolución na aprendizaxe.

Potenciaremos actitudes de superación e a partir de reforzos positivos iremos tentando superar as dificultades coas que se atopen involucrando ás familias en posibles tarefas de reforzo e/ou ampliación. Tamén tentaremos dotalos de recursos ante o fracaso, o erro e a crítica.

Para unha adecuada atención do alumnado utilizaremos todos os medios, recursos e persoal á nosa disposición. As medidas a adoptar serán entre outras: □ Reforzo positivo e valoración do esforzo.

- Agrupamentos flexibles en función das tarefas propostas.
- Adecuación de actividades ao ritmos de traballo e á capacidade de aprendizaxe flexibilizando no posible os tempos. □ Secuenciación das actividades.
- Reflexión persoal sobre o proceso da actividade e asunción de responsabilidades.
- Reflexión persoal sobre a propia conduta valorando as posibles consecuencias e comprometéndose a intentar cambiala se é necesario.
- Emprego de material manipulable elaborado para o seu uso e tamén da contorna próxima.
- Emprego de xogos educativos e cooperativos.
- Uso de aplicacións informáticas adecuadas o seu nivel.
- Actividades de recuperación e reforzos para acadar os obxectivos propostos:
 - Apoio do titor/a, do mestre/a especialista e/ou dun compañeiro/a que exerza de “titor”.
 - Fichas con actividades de ampliación.
 - Realización de esquemas (con imaxes se é necesario).
 - Emprego de pictogramas para mellorar a comprensión.
 - Coordinación coa familia para realizar tarefas de reforzo na casa.
 - Simplificación dos contidos axustándose aos mínimos e ampliación dos mesmos segundo as necesidades.
 - Emprego de ferramentas TIC que faciliten e fagan máis atractiva a aprendizaxe.

VALORACIÓN INICIAL E VÍAS DE ACTUACIÓN

Co obxecto de nos axustar o máximo posible á realidade dos nosos alumnos, acordamos realizar unha valoración das súas características segundo os seguintes parámetros:

❖ **Que valorar:**

Rendemento do alumno no curso anterior. Personalidade. Afeccións e intereses. Situación económica e cultural da familia. etc.

❖ **Como obter a información:**

Informes de titores anteriores. Cuestionario previo aos alumnos. Entrevista individual. Cuestionario previo aos pais. Entrevista cos pais. etc.

Deste xeito, o centro prevé distintas vías de resposta ante o amplo abano de capacidades, estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses dos alumnos. Consideramos **adaptacións curriculares** cantos cambios se produzan no currículo co fin de atender as diferenzas individuais dos nosos alumnos. O equipo ou o profesor, ao establecer cada adaptación, deberá determinar con antelación tanto a estratexia que hai que seguir coma as características do alumno ou da alumna que podan axudar ou entorpecer a estratexia: en que agrupamentos traballa mellor, que tempo permanece concentrado, a que reforzos é receptivo, que autoconcepto ten etc. Dentro das adaptacións curriculares imos diferenciar dous modelos de resposta en función das situacións de distinta natureza que imos encontrar:

- ❖ **Adaptacións curriculares non-significativas.**
- ❖ **Adaptacións curriculares significativas.**

ADAPTACIÓNS CURRICULARES NON SIGNIFICATIVAS

Aconséllase o seu uso cando as dificultades de aprendizaxe non son moi importantes.

As características fundamentais deste tipo de medidas son as seguintes:

- Non precisan dunha organización moi diferente da habitual.
- Non lles afectan aos compoñentes prescritivos do currículo.

Aínda que en cada unha das áreas se aplicarán de forma específica unha serie de medidas concretas que permitan a adecuación ás diferenzas individuais dos alumnos, quixemos establecer unha serie de pautas ou directrices xerais que actúen como marco de referencia para o conxunto do profesorado e que sirvan para unificar as actuacións de cada profesor.

❖ **Programación de contidos e actividades.**

Unha medida aplicable pode ser a diferenciación de niveis nos contidos e nas actividades. Esta diferenciación de niveis responderá tanto ás distintas capacidades e estilos de aprendizaxe coma aos diverxentes intereses e motivacións dos alumnos.

- **Contidos.**

Dentro do conxunto de contidos que lle asignaremos para a súa aprendizaxe por parte dos alumnos a cada área e curso, estableceremos unha diferenciación entre información básica e información complementaria. É dicir, en primeiro lugar fixaremos un corpo de contidos esenciais que deben ser aprendidos por todos para alcanzar os obxectivos previstos. A partir de aí, consideraremos outra serie de contidos que poderán ser traballados ou non en función das peculiaridades e das necesidades de cada alumno.

- **Actividades.**

As actividades organizaranse por categorías en función da súa distinta finalidade. Por un lado, contemplaremos actividades de reforzo, de consolidación daquelas aprendizaxes que consideramos básicas; para iso, o nivel de dificultade das tarefas propostas estará en consonancia coa asequibilidade media que caracteriza a información esencial. Por outro lado, deseñaremos outro tipo de actividades máis diversificadas que impliquen ben unha complexidade maior, ben unha ampliación da perspectiva do tema traballado.

❖ **Metodoloxías diversas.**

O mellor método de ensinanza para alumnos cunhas determinadas características pode non selo para alumnos con características diferentes e á inversa. É dicir, os métodos non son mellores ou peores en termos absolutos, senón en función de que o tipo de axuda que ofrecen responda ás necesidades que en cada momento demandan os alumnos.

As adaptacións na metodoloxía didáctica son un recurso que se pode introducir na forma de enfocar ou presentar determinados contidos ou actividades, como consecuencia de diversas circunstancias:

- Os distintos graos de coñecementos previos detectados nos alumnos.
- A existencia de diferentes graos de autonomía e responsabilidade entre os alumnos.
- A identificación de dificultades en procesos anteriores con determinados alumnos. Estas modificacións non deberían producirse só como resposta á identificación de dificultades, senón como prevención das mesmas.

❖ **Material didáctico complementario.**

A utilización de materiais didácticos complementarios permite axustar o proceso de ensinanza e aprendizaxe ás diferenzas individuais dos alumnos. De forma xeral, este tipo de material persegue catro obxectivos:

- Consolidar contidos nos que a súa adquisición por parte dos alumnos supón unha maior dificultade.
- Ampliar e afondar en temas de especial relevancia para o desenvolvemento da área.
- Practicar habilidades instrumentais ligadas aos contidos de cada área. -
Enriquecer o coñecemento daqueles temas ou aspectos sobre os que os alumnos mostran curiosidade e interese.

❖ **Agrupamentos flexibles e ritmos diferentes.**

A organización de grupos de traballo flexibles no seo do grupo básico permite o seguinte:

- Que os alumnos poidan situarse en distintas tarefas.
- Propoñer actividades de reforzo ou ampliación segundo as necesidades de cada grupo.
- Adaptar o ritmo de introdución de novos contidos.

Este tipo de adaptacións require unha reflexión sobre dous aspectos:

- As aprendizaxes básicas e imprescindibles para seguir progresando
- A incorporación dunha avaliación que detecte as necesidades de cada grupo.

ADAPTACIÓNS CURRICULARES SIGNIFICATIVAS

Consisten basicamente na adecuación dos obxectivos educativos, na eliminación ou na inclusión de determinados contidos esenciais e na conseguinte modificación dos criterios de avaliación.

- **Destinatarios.**

Estas adaptacións lévanse a cabo para lles ofrecer un currículo equilibrado e relevante aos alumnos con necesidades educativas especiais.

Dentro deste colectivo de alumnos, contémplanse tanto aqueles que presentan limitacións de natureza física, psíquica ou sensorial, como os que posúen un historial escolar e social que produciu “lagoas” que impiden a adquisición de novos contidos e, á vez, desmotivación, desinterese e rexeitamento.

- **Finalidade.**

Tenderán a que os alumnos alcancen as capacidades xerais da etapa de acordo coas súas posibilidades. O obxectivo último deberá ser proporcionarlle a cada alumno a resposta que necesita en función das súas necesidades e tamén dos seus límites, tratando que esa resposta se aparte o menos posible das que son comúns para todos os alumnos.

- **Avaliación e diagnóstico previo.**

O maior ou menor afastamento do currículo básico dependerá da avaliación e do diagnóstico previo de cada alumno, que debe realizar o Departamento de Orientación.

Este ano en terceiro ciclo non curso ningún alumno/a que necesite este tipo de intervención.

CONDICIÓNS PARA UNHA ATENCIÓN EFECTIVA

A integración dos alumnos con necesidades educativas especiais e a concreción das adaptacións curriculares serán posibles mercé ás seguintes medidas articuladas no centro:

a) A cualificación do profesorado e a importancia da acción tutorial.

O profesorado do centro posúe a predisposición, a sensibilidade e a formación necesarias para asumir a tarefa de colaborar co Departamento de Orientación e seguir as súas directrices.

b) A metodoloxía.

O centro parte da constatación de que os alumnos con dificultades de aprendizaxe aprenden, basicamente, da mesma forma ca o resto. É dicir, os axustes metodolóxicos van responder a uns principios e unhas consideracións sobre a aprendizaxe que son comúns a todos os alumnos.

Non obstante, convén poñer a énfase na planificación máis rigorosa e minuciosa, na flexibilidade, na metodoloxía activa e na globalización. Dentro deste contexto metodolóxico fíxanse unha serie de medidas especialmente beneficiosas:

- O traballo nun pequeno grupo.
 - As visitas e as saídas ao contorno.
 - O uso do ordenador e de diversidade de materiais e recursos
- ### **c) Espazos.**

Para favorecer o proceso de integración-normalización e para crear as condicións óptimas para o fomento de interaccións ricas e fluídas, prevense as seguintes medidas:

- Salas para as actividades de apoio específico.
- Posibilidade de modificar a aula e de crear máis dun espazo.
- Disposición adecuada do mobiliario e coidado das condicións ambientais (acústica, visibilidade...).
- Supresión de barreiras arquitectónicas.

d) Tempos.

A xestión do tempo guiarase por dous criterios: a adaptación ás peculiaridades especiais de cada alumno e a flexibilidade horaria. Así, algunhas actividades requirirán tempos máis prolongados (talleres, saídas etc.) e outras máis reducidos, debido á fatiga, falta de concentración ou outros motivos.

ACTIVIDADES DE REFORZO/ RECUPERACIÓN.

Avaliación e recuperación son dous conceptos estreitamente vencellados. A avaliación achéganos datos sobre a evolución do alumno no seu proceso de aprendizaxe e, asemade, esixe a recuperación cando eses datos non son satisfactorios.

Polo tanto, é esencial detectar se o problema é de tipo cognitivo – coñecementos insuficientes nunha área determinada- ou afectivo –falta de interese e motivación, actitude negativa, inadaptación social e escolar-. Neste segundo caso a intervención pasará por unha recuperación máis psicolóxica que didáctica.

No suposto de que a dificultade ou carencia detectada sexa de tipo cognitivo é fundamental actuar de xeito inmediato e terá un carácter retroactivo completando e aprofundando naqueles baleiros que se consideren básicos –con fichas de práctica ou reforzo que melloren as súas competencias-, readaptando o ritmo do proceso de aprendizaxe ou as estratexias metodolóxicas, modificando a maneira de facer a avaliación e mesmo reflexionando sobre a propia acción docente.

Se estas actuacións non frutifican será conveniente solicitar o asesoramento do departamento de orientación co fin de reorientar o labor docente cara outras estratexias ou sopesar a posibilidade de recibir apoio por parte dun docente especialista.

Nalgúns casos, nos que as estratexias de recuperación non dean o resultado esperado, a repetición de curso poderase facer necesaria e mesmo positiva.

Durante o desenvolvemento dos contidos, prestarase especial atención aos alumnos/as que deban recuperar a materia do curso anterior, mediante explicacións e realización dalgunhas actividades que poderán facer na casa.

A continuación presentase un cadro coas medidas de atención a diversidade a seguir en caso de ter algunha das seguintes situacións (Reforzo Educativo(RE), dificultades de ensinanza e aprendizaxe(D.E/A), sobredotación, trastorno de déficit de atención e tamén pode ser con hiperactividade(TDA/TDAH), trastorno de lectoescritura e trastorno del espectro autista(TEA)).

MEDIDAS DE ATENCION A DIVERSIDADE	RE	D. E/A	SOBRED.	TDAH	TRAS. L/E	TEA
Traballo cooperativo	X	X	X	X	X	X
Traballo por proxectos	X	X	X	X	X	X
Apoio educativo de cada mestre, no grupo ordinario (asegurar de que comprende a dinámica, actividade, contido... con saídas á pizarra, sentándose ao seu carón mentres os demais avanzan)	X	X			X	X
Estruturar tempos	X	X		X	X	X
Ambiente estruturado e organizado	X	X		X	X	X
Dividir as tarefas en pequenos pasos e diferentes graos de dificultade	X	X		X	X	X
Dar tempo adicional para a realización de tarefas escolares	X	X	X	X	X	X
Propoñer que participe e favorecer situacións de éxito	X	X				X
Emprego de recursos visuais que apoiem a explicación dos contidos	X	X		X	X	
Emprego de esquemas e gráficos con palabras clave	X	X		X	X	
Nas probas avaliativas, comprobar que comprende enunciados e non esquece dar resposta a ningunha cuestión	X	X		X		X
Avaliar oralmente					X	
Estruturar as probas avaliativas (enunciados claros, espazos de resposta)		X		X		
Flexibilizar tempo para a realización de probas avaliativas	X	X	X	X	X	X
Comentar persoalmente as correccións, a poder ser, por escrito, dos exercicios, buscar que aprenda e entenda	X	X		X		X
Alternar tempo de traballo en grupo e persoal	X	X		X		X
Intervención do especialista en AL	X	X		X	X	X
Intervención do especialista en PT	X	X		X	X	X
Intervención do especialista en Orientación	X	X	X	X	X	X
Implantar protocolo TDAH				X		
Implantar protocolo de HHSS			X	X		X
Implantar protocolo dislexia					X	
Programa específico de lectoescritura					X	
Programa de Reforzo Educativo (alumno repetidor de curso)		X				
Exención da 2ª lingua estranxeira (Francés) en 1º e 2º da ESO		X				
Proposta de agrupamentos flexibles.						
MEDIDAS EXTRAORDINARIAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE						
Apoio educativo fora da aula.						
Adaptación curricular						
Matricula en UEE						
Matricula en centros de EE						
Atención domiciliaria						

11.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Participarase nas conmemoracións e celebracións sinaladas no calendario escolar e en todas as actividades propostas polo distintos equipos de traballo do centro ao longo do curso, que normalmente son:

- Samaín / Halloween
- Nadal
- Día da Paz
- Día de Rosalía de Castro
- Entroido
- Día do Libro
- Día da poesía
- Día das Letras Galegas
- Fin de curso

En canto as saídas, en principio e por mor da pandemia, dependerán das que presenten o Concello de Abegondo, a Deputación da Coruña ou outras institucións públicas ou privadas para levalas a cabo dentro do centro e sempre tendo en conta o protocolo COVID.

12.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDACTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

	Escala			
	1	2	3	4
1.- Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir do currículo				
2.- Adecuación da secuenciación e temporalización das unidades didácticas /temas / proxectos				
3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización prevista				
4.- Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar				
5.- Adecuación a cada estándar do peso correspondente a súa identificación				
6.- Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación				
7.- Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver				
8.- Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
9.- Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
10.- Adecuación do libro de texto (no caso de que se use)				
11.- Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares				
12.- Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				
13.- Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar				
14.- Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc, vinculados aos estándares propostos				
15.- Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE				
16.- Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas				
17.- Adecuación dos mecanismos de información a las familias				
18.- Adecuación do seguimento e revisión da programación				
19.- Contribución desde a materia/curso ao P. L. C.				
20.- Contribución desde a materia/curso ao Plan de lectura				
21.-Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia				
22.- Contribución desde a materia/curso ao Plan Proxecta				
23.- Contribución desde a materia/curso aos Contratos Programa				

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

5º EDUCACIÓN PRIMARIA

CURSO 2021/2022

Ricardo Javier Moscoso López

ÍNDICE

1. CONTEXTUALIZACIÓN
2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE
3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO
4. TEMPORALIZACIÓN, MÍNIMOS ESIXIBLES E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DE CADA ÁREA
5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS
6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS
7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO
8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A
9. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS
10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES
12. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

1.- CONTEXTUALIZACIÓN

O centro escolar CEIP San Marcos é un centro público (Colexio de Educación Infantil e Primaria), que se atopa encravado no concello de Abegondo, na provincia de A Coruña. Posúe dúas aulas por cada curso de Primaria. A ratio profesor/a -alumno/a, aproximadamente, é de 1/18. Actualmente, somos dous os mestres especialistas en Educación Física.

Para as clases de Educación Física conta con dous patios de recreo e un polideportivo municipal con campos marcados de fútbol -sala, baloncesto, balonmán e voleibol. Dito polideportivo atópase fora do recinto escolar pero a carón do mesmo. O persoal de mantemento do mesmo é persoal contratado polo concello pero que colabora con nós en todo o necesario. Arredor do centro existe unha zona verde.

En 5º de educación primaria contamos con 31 alumn@s divididos en dúas clases.

INTRODUCCIÓN Á ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA.

A área de Educación física ten como finalidade principal a competencia motriz dos alumnos e das alumnas, entendida como un conxunto de coñecementos, procedementos, actitudes e sentimentos que interveñen nas múltiples interaccións que realiza un individuo no seu medio e cos demais que permite que o alumnado supere os diferentes problemas motrices propostos tanto nas sesión de Educación física como na súa vida cotiá; sempre de forma coherente e en concordancia ao nivel de desenvolvemento psicomotor, prestando especial sensibilidade á atención a diversidade nas aulas, utilizando estratexias inclusivas e sempre buscando a integración dos coñecementos, os procedementos, as actitudes e os sentimentos vinculados á conduta motora fundamentalmente. A competencia motriz, que non está recollida como unha das competencias clave, é fundamental

para o desenvolvemento destas, especialmente as Competencias Social e Cívica, Aprender a Aprender, Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor, Conciencia e Expresións Culturais e Matemática e Científico Tecnolóxica e, en menor medida, a Competencia en Comunicación Lingüística e a Competencia Dixital.

Na educación primaria, o alumnado explorará o seu potencial motor á vez que desenvolve todas as súas capacidades motrices. Isto implica mobilizar toda unha serie de habilidades motrices, actitudes e valores en relación co corpo, en diversas situacións de ensino-aprendizaxe, nas que a experiencia individual e colectiva permitan adaptar a conduta motriz a diferentes contornas. Nesta etapa, as competencias adquiridas deben permitir comprender o seu corpo, as súas posibilidades e desenvolver as habilidades motrices básicas con complexidade crecente a medida que se progresa nos sucesivos cursos. As propias actividades axudarán ademais a desenvolver a relación cos demais, o respecto, a atención especial á igualdade de xénero, entendendo as diferenzas en canto as capacidades psicofísicas entre as nenas e os nenos, os condicionantes dos estereotipos sociais, a colaboración, o traballo en equipo, o xogo limpo, a

resolución de conflitos, o recoñecemento do esforzo para lograr metas, a aceptación de regras establecidas e o desenvolvemento da iniciativa individual.

A Educación física ao longo da educación primaria ten no xogo o máis importante recurso como situación de aprendizaxe e ferramenta didáctica polo seu carácter motivador. Debemos destacar os xogos tradicionais galegos que xunto coas danzas e bailes propias de Galicia, supoñen un elemento importante de transmisión do noso patrimonio artístico e cultural ademais de fomentar as relacións interxeracionais.

A proposta curricular de Educación física permitirá organizar as aprendizaxes dos alumnos e as alumnas ao longo do paso polo sistema educativo, tendo en conta o seu nivel madurativo, a lóxica interna das diversas actividades e aqueles elementos que afectan de maneira transversal a todos os bloques como son as capacidades físicas e coordinativas, os valores sociais e individuais e a educación para a saúde.

As propostas didácticas deben incorporar a reflexión e a análise do que acontece e a creación de estratexias para facilitar a transferencia de coñecementos a outras situacións.

O traballo por competencias integra un coñecemento de base conceptual, outro relativo ás destrezas e, por último, un con gran influencia social e cultural, que implica un conxunto de valores e actitudes.

Para facilitar a concreción curricular de Educación física establécense trece criterios de avaliación que se concretizan nos estándares de aprendizaxe avaliábeis. Estes permitirán definir os resultados da aprendizaxes, e concretarán mediante accións o que alumnado debe saber e saber facer na área de Educación física. Estes estándares están graduados e secuenciados ao longo da etapa e, unha vez finalizada esta, deberán estar todos acadados e consolidados.

Os contidos están distribuídos en seis grandes bloques:

- Bloque 1. Contidos comúns.
- Bloque 2. O corpo: imaxe e percepción.
- Bloque 3. Habilidades motrices.
- Bloque 4. Actividades físicas artístico expresivas.
- Bloque 5. Actividade física e saúde.
- Bloque 6. Os xogos e as actividades deportivas.

Esta agrupación non determina métodos concretos, responde a unha forma de organizar os contidos que deben ser abordados dun xeito enlazado atendendo á configuración cíclica do ensino da área, construíndo uns contidos sobre os outros, como unha estrutura de relacións observables de forma que se facilite a súa comprensión e aplicación en contextos cada vez máis enriquecedores e complexos. Tampouco implica unha organización pechada, pola contra, permitirá organizar de diferentes maneiras os contidos, adoptando a metodoloxía máis axeitada ás características destes e do grupo de alumnos e alumnas.

Os contidos do bloque común, pola súa natureza transversal, traballaranse ao longo do curso en combinación cos contidos do resto dos bloques dado que trata aspectos como: os valores que teñen por referente o corpo, o movemento e á relación coa contorna, a educación viaria, a resolución de conflitos mediante o diálogo e aceptación das regras establecidas, o desenvolvemento da iniciativa individual e de hábitos de esforzo, as actitudes, a confianza, o uso adecuado dos materiais e espazos e a integración das Tecnoloxías da Información e Comunicación.

Como consecuencia de todo o anterior, establécense unha serie de orientacións metodolóxicas para a área que favorecerán un enfoque competencial, así como a consecución, consolidación e integración dos diferentes estándares por parte do alumnado:

- A Educación física nesta etapa terá un carácter eminentemente global e lúdico, ata o punto de converter o xogo no contexto ideal para a maioría das aprendizaxes.
- A selección dos contidos e as metodoloxías activas e contextualizadas deben asegurar o desenvolvemento das competencias clave ao longode toda a etapa.
- As estruturas de aprendizaxe cooperativo posibilitarán a resolución conxunta das tarefas e dos problemas, e potenciarán a inclusión do alumnado.

O profesorado debe implicarse na elaboración e deseño de diferentes tipos de materiais, adaptados aos distintos niveis e aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe dos alumnos e alumnas, co obxecto de atender á diversidade na aula e personalizar os procesos de construción das aprendizaxes. Débese potenciar o uso dunha variedade de materiais e recursos, considerando especialmente a integración das Tecnoloxías da Información e a Comunicación.

- Favoreceranse metodoloxías que teñan a súa base no descubrimento guiado, a resolución de problemas, o traballo por retos ou a cooperación.
- Deberá buscarse a implicación das familias como un factor clave para facer dos nosos alumnos e alumnas suxeitos activos na xestión da súa saúde e na adquisición de hábitos de vida saudable.

Finalmente, é necesaria unha axeitada coordinación entre o persoal docente sobre as estratexias metodolóxicas e didácticas que se utilicen. Os equipos educativos deben formular con criterios consensuados unha reflexión común e compartida sobre a eficacia das diferentes propostas metodolóxicas.

2.- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

COMPETENCIAS CLAVE

COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL)

A Educación Física desenvolve esta competencia dende varias perspectivas:

- Por unha banda, unha parte da información que o profesorado transmite ao alumnado na explicación dos xogos ou tarefas que van ter lugar nas sesións é grazas á linguaxe oral. Neste caso incídese na capacidade de comprender dos alumnos e das alumnas, unha das metas desta competencia; se as consignas iniciais non quedan claras, probablemente a actividade funcionará mal; de aí a súa importancia.

- Ao inicio e ao remate de cada sesión é necesario facer unha posta en común co alumnado para dar a coñecer o que se vai facer e integrar as súas aportacións, para expresar as dificultades atopadas, valorar o realizado e reflexionar sobre como melloralo. Deste xeito apréndese a saber comunicar, escoitar, contrastar opinións, verbalizar as propias sensacións, ter en conta as ideas das e dos demais...

- Outro dos aspectos que aparece nesta competencia é a capacidade para redactar un escrito, explicar unha idea ou integrar o aprendido na propia estrutura cognitiva. Dende a área de Educación Física, conséguese grazas ao traballo de certos contidos. É aconsellable que o alumnado utilice as Tecnoloxías da Información e da Comunicación, a biblioteca do colexio ou a da aula para recoller información sobre aspectos como os xogos populares tradicionais galegos, as normas, regras, orixe ou historia de certas actividades deportivas, biografías de mulleres e homes relevantes no e para o deporte... para afianzar algunhas aprendizaxes.

- A Educación Física contribúe á adquisición de vocabulario da lingua materna e a aprender algunhas expresións significativas en contextos funcionais doutras linguas, integrando elementos da cultura das actividades físico-deportivas de países diversos nas actividades realizadas.

COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA (CMCT)

Respecto á competencia matemática, certas actividades que se realizan en Educación Física contribúen ao seu desenvolvemento:

- Algunhas operacións básicas relacionadas co cálculo matemático: toma de pulsacións nun período proporcional ao minuto, estimación da porcentaxe ideal respecto aos tempos de traballo e recuperación, establecemento de parámetros de traballo, distribución da sesión en tempos...

- Apreciación de distancias, traxectorias ou velocidades nos lanzamentos, recepcións, golpes e calquera tarefa de manipulación que se fagacon móbiles, desenvolvendo tamén a percepción espacial.

- A ocupación do espazo de acción, a dispersión, o agrupamento... Estes aspectos inflúen na boa adquisición das habilidades perceptivas e son importantes na maioría de actividades que se fagan, especialmente nos deportes.
- A formación de figuras xeométricas co corpo, tanto individualmente como en grupo (xogos de roda, distribución en ringleiras...) ou con distintos materiais (cordas, ladrillos de psicometricidade...)
- Interpretación de símbolos: por exemplo ao traballar a orientación hai que entender a relación entre o que está representado no plano e a realidade, sendo imprescindible interpretar os símbolos máis básicos.
- Por outra banda, algunhas achegas ás competencias básicas en ciencia e tecnoloxía son as seguintes:
 - Mellora da saúde e calidade de vida: Está demostrado que a actividade física ben practicada incrementa a saúde (entendida como o estado de completo benestar físico, mental e social, e non só a ausencia de enfermidade) e mellora a calidade de vida. O aumento da condición física (especialmente no terceiro ciclo) ten numerosas repercusións na saúde: diminución do peso corporal, aumento das cavidades do corazón, do ton muscular, da autoestima... O traballo da hixiene corporal, a adquisición de hábitos alimenticios axeitados, o rexeitamento da inxestión de substancias prexudiciais, así como a práctica de hixiene postural en accións cotiás e propias da actividade física eliminarán hábitos indesexables e contribuirán ao aumento do benestar. Incidirase tamén na seguridade e na prevención de riscos nas actividades a realizar. Todo este coñecemento favorece o nivel do alumnado en ciencias, especialmente na parte de ciencias da natureza.
 - Utilización do exercicio físico no tempo de lecer: Un dos obxectivos que se pretenden acadar é que o alumnado adquira hábitos de práctica de actividade física no tempo extraescolar e perdurables durante toda a vida. Así diminuírá a obesidade, mellorarase a saúde colectiva e a calidade de vida, previndo deste xeito riscos derivados do sedentarismo.

COMPETENCIA DIXITAL (CD)

A área de Educación Física contribúe a esta competencia dende o seguintes puntos de vista:

- Por unha banda, as nenas e os nenos aprenden a valorar criticamente as mensaxes referidas ao corpo, procedentes dos medios de información e comunicación, que poden danar a imaxe corporal. Ademais deben saber seleccionar, cando fagan unha busca de información sobre algún aspecto de interese da área (regulamentos, xogos, pautas alimenticias, hábitos pouco saudables, mulleres e homes deportistas ao longo da historia...), os datos realmente importantes.

- Por outra banda, o alumnado ten que ser quen de achar a información usando as TIC: bases de datos, procesadores de texto, tratamento da imaxe, utilización de internet como ferramenta de busca... amosando un dominio básico de diferentes linguaxes: icónica, visual, sonora, gráfica... e un coñecemento dos tipos de información, as súas fontes, as súas posibilidades e a súa localización.

- Ademais, dende unha perspectiva docente pódense utilizar as TIC para facilitar o proceso de ensino, proxectando documentos audiovisuais que favorezan a asimilación dos contidos (DVDs, vídeos...). Terase en conta que en ditos documentos aparezan homes e mulleres, para evitar a asimilación dos exemplos cun ou outro sexo por parte do alumnado.

- Tamén se poden facer gravacións das alumnas e alumnos para unha posterior visualización conxunta. Existen determinados movementos que presentan dificultade para que a persoa que os realiza poida percibilos visualmente, e a única información que se ten sobre a correcta execución ou non é a propioceptiva (roda lateral, viravoltas...). Unha boa axuda para mellorar a percepción do propio movemento é gravarse para visualizarse posteriormente e comparar o resultado coas sensacións vividas no momento da execución.

COMPETENCIA APRENDER A APRENDER (CAA)

Esta competencia ten certa relación coa metodoloxía e a maneira de presentar as tarefas na organización do proceso de ensino-aprendizaxe:

- A perspectiva metodolóxica foi variando co paso do tempo. Na actualidade, esta área curricular baséase en gran parte no xogo e nos estilos de ensino relacionados co desenvolvemento de estratexias de busca, centrándose na disonancia cognitiva: preténdese crear unha dúbida na estrutura cognitiva do alumnado para que indague e chegue a unha ou varias solucións. Así favorécese que as nenas e os nenos aprendan a aprender, buscando posibilidades motrices acordes co obxectivo proposto.

- Outro xeito de aprender a aprender é por medio das actividades cooperativas, nas que o grupo-clase ten que buscar a colaboración e as achegas de todas as persoas que compoñen o grupo para chegar a conseguir os logros. Favorécese o diálogo, a creatividade, a busca, o consenso, orazoamento e a comprensión das ideas aportadas polas e polos demais.

- axeitado coñecemento de si mesma e de si mesmo, do propio corpo, das posibilidades de acción, do contorno que nos rodea, das demais compañeiras e compañeiros... así como a comprensión dos patróns de movemento realizados para transferir a outras accións favorecerá tamén a adquisición desta competencia.

- Do mesmo xeito, as estratexias que cada nena e neno desenvolven con respecto ao autocontrol e ao control da actividade, regulando os seus movementos e accións e respondendo aos obxectivos propostos favorecerán o feito de aprender a aprender.

COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS (CSC)

As características da Educación Física, especialmente no que se refire á dinámica e ao entramado de relacións presente nas sesións, fana axeitada para a educación en habilidades sociais:

- Cun axeitado enfoque metodolóxico e didáctico, faranse grandes aportacións a esta competencia: a busca de obxectivos grupais comúns nun xogo cooperativo, o diálogo e a toma de decisións colectiva para a elaboración dunha coreografía, as estratexias de cooperación ou oposición nos deportes, a comunicación e contracomunicación motrices... son un medio eficaz para facilitar a relación, a integración, o respecto, a cooperación, a solidariedade...
- A Educación Física conciencia e axuda a ter en conta ás demais persoas nas actividades propostas, a confiar nelas, a participar colectiva e grupalmente, a asumir os diferentes roles que toque desenvolver, a compartir o éxito e o fracaso nas situacións de equipo, a discutir e elixir representantes, normas, funcións... aceptando as posibilidades e limitacións propias e alleas, independentemente do sexo, raza, crenzas, características físicas...
- Atenderase ao xogo limpo ("fair play"), responsabilizándose cadaquén da integridade do resto de participantes. No caso do xurdimento de conflitos, resolveranse por medio da negociación, baseada no diálogo.
- Tamén se inclúe nesta competencia a cooperación para a busca de información dos traballos que se propoñan dende esta área, afianzando deste xeito os contidos que se desexen. É de destacar o interese polos xogos populares tradicionais galegos, bailes e danzas... coñecendo deste xeito a sociedade de hai uns anos, o cal axuda a comprender como é a sociedade actual.

COMPETENCIA SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR (CSIEE)

A Educación Física aborda a iniciativa do alumnado dende varias perspectivas:

- Mellorando o coñecemento do seu propio corpo e do contorno: Ao estruturar o esquema corporal, a percepción do espazo e do tempo, vaise gañando progresivamente maior autonomía, facéndose os movementos máis ricos e variados.
- Incrementando o nivel de habilidades e a condición física: Fai que a persoa se vexa máis capaz, podendo realizar accións motrices máis eficaces nos diferentes medios nos que se desenvolva. Desta maneira, conseguírase aumentar a autonomía e, por conseguinte, a iniciativa.
- Propoñendo formas e posibilidades de movemento: Na área de Educación Física, especialmente na etapa de Educación Primaria, búscase crear unha boa base motriz, aportando multiplicidade de patróns de movemento diferentes. Esta base motriz levará a movementos de calidade.
- Por medio de actividades que impliquen a consecución dun obxectivo grupal: Ao ter que acadar todo o grupo un obxectivo común, aprenderase a respectar as opinións das e dos demais e a dialogar e consensuar as ideas propias coas alleas, incidindo así na autoconfianza, no espírito

de superación, na responsabilidade, na iniciativa, na creatividade e, polo tanto, na iniciativa. Esta iniciativa derivará no empréndemete e na capacidade para ter propostas de movementos e accións, tanto individuais como grupais, para acadar os obxectivos que se propoñan.

- Utilizando unha metodoloxía que favoreza a exploración: Os estilos de ensino que potencian a busca, creando dúbidas nos coñecementos adquiridos ata o momento, incrementan a capacidade do alumnado para realizar as accións con progresiva autonomía e iniciativa.

COMPETENCIA CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS (CCEC)

A Educación Física traballa esta competencia dende varias perspectivas:

- Por unha banda, o alumnado ten que ser quen de apreciar a parte artística de certas execucións motrices. Potenciarase o desenvolvemento estético, a creatividade, a imaxinación, a dramatización, a expresión... aspectos todos eles recollidos no terceiro bloque de contidos: “Actividades físicas artístico-expresivas”. Deste xeito as manifestacións artísticas e culturais significarán unha fonte de gozo e enriquecemento persoal, valorando criticamente as mensaxes difundidas.

- Ao principio da unidade didáctica é conveniente ter un coñecemento preciso sobre o estado en que se atopan os nosos alumnos/as respecto aos contidos a tratar. Nas unidades desta programación, a primeira sesión ten a función de avaliación inicial. É dicir, será unha sesión ordinaria, pero facendo especial fincapé en tomar rexistros (por medio dunha escala de valoración).

- Ao longo da unidade, seremos conscientes das incidencias presentadas: se están claros o que se quere lograr, o enfoque metodolóxico é apropiado, as actividades atractivas... así como o xeito en que os alumnos/as responden ao traballo. Todo isto forma parte da avaliación continua, que tamén se identifica coa avaliación formativa, porque se entende que os resultados serven para realizar os axustes e correccións necesarias.

- Ao final da unidade didáctica, é preciso que se comprobe o grao de aprendizaxe dos contidos por parte dos alumnos/as; isto coñécese como avaliación final. Igualmente rexistrárase por medio dunha escala de valoración.

Atendendo á **AVALIACIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE** e tendo en conta a importancia da que gozan na actualidade, nesta programación avaliaranse por medio dos estándares de aprendizaxe.

Criterios de cualificación.

Basicamente atenderase a:

- Procedementos: Correspóndense co "saber facer", e son moi importantes na área de Educación Física; teñen un peso fundamental.
- Actitudes: Poderíanse definir como o "saber ser" ou o "saber actuar". Teñen certa relevancia na nosa área, especialmente nos comportamentos enfocados cara ao coidado do material, respecto aos compañeiro.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	% SOBRE O TOTAL DA NOTA	INSTRUMENTOS
A. Nivel de rendemento e correcta execución das actividades	50%	1.Rúbrica 2.Escala valoración 3.Rexistro anecdótico
B. Actitude, esforzo, autosuperación, respecto, colaboración, interese, compañeirismo.	30%	
C. Indumentaria e as normas de hixiene.	20%	

Explicación dos Indicadores:

A. Nivel de rendemento e correcta execución das actividades:

Nivel de destreza e rendemento mostrado na execución das actividades e os exercicios propostos. Valorando a realización e a maneira de como se fai.

B. Actitude, esforzo, autosuperación, respecto, colaboración, interese, compañeirismo

Canto se esforza o alumno na mellor realización posible das actividades e exercicios, así como a perseverancia e a constancia para mellorar o seu rendemento, así como o compañeirismo e o respecto a todos.

C. Respecto polas normas, a indumentaria e as normas de hixiene. Uso adecuado do material, valorar a importancia da alimentación (almorzo...), aseo despois do exercicio, roupa adecuada.

Rúbrica Guía de Avaliación

	1 (Pouco adecuado=4 ou menos)	2 (Adecuado= 5,6)	3 (Bastante adecuado=7,8)	4 (Moi adecuado= 9-10)
A	Non consegue executar correctamente as actividades propostas	Cóstalle, pero consegue executar as actividades de forma correcta	Executa correctamente as actividades, amosando un bo nivel de rendemento.	Executa as actividades moi ben, cun nivel de rendemento alto
B	Esfórzase moi pouco e non mostra interese por superarse e mellorar na realización das actividades. Non se mostra tolerante nin solidario cos demais.	Esfórzase o xusto para superar a tarefa, pero sen mostrar sacrificio por superarse e demostrar un mellor rendemento. Ás veces non se mostra tolerante e solidario cos demais.	Esfórzase bastante e trata de mellorar. Mostra un rendemento alto nas actividades, aínda que non sempre o consegue. Móstrase tolerante e solidario cos demais.	“Dao todo”. Esfórzase moito e sempre trata de autosuperarse para mostrar un mellor rendemento. Móstrase tolerante e solidario cos demais con actitude colaborativa.
C	Incumpre as normas de comportamento e/ou hixiene na práctica durante a clase.	Respecta as normas básicas de comportamento e hixiene na práctica.	Respecta as normas básicas de comportamento e hixiene na práctica.	Respecta as normas básicas de comportamento e hixiene na práctica, para que as actividades se realicen da mellor maneira posible.

Mínimos esixibles para a avaliación positiva

- Axustar as accións do corpo aos cambios nas condicións da actividade, incidindo nos mecanismos de percepción, de decisión e de controlmotor.
- Adaptar os desprazamentos, saltos e xiros a diferentes contornos.
- Lanzar, pasar e recibir pelotas ou outros móbiles de maneira controlada nos xogos ou actividades motrices e deportivas que o requiran, axustándose a diferentes parámetros.
- Axustar a actuación motriz ao coñecemento das propias posibilidades e limitacións corporais e de movemento.
- Construír composicións grupais interaccionando coas demais persoas, utilizando os diferentes recursos e atendendo aos estímulos.
- Identificar algunhas das relacións que se establecen entre a práctica correcta e habitual da actividade física e a mellora da saúde e da calidade de vida.
- Actuar coordinada e cooperativamente coas persoas que compoñen o propio equipo, establecendo relacións construtivas e equilibradas.
- Intentar resolver de forma crítica as situacións conflitivas que poidan xurdir nos xogos grupais.
- Coñecer, practicar e valorar xogos e deportes populares tradicionais de Galicia, interesándose pola súa conservación.

9.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO	Valoración			Propostas de mellora
	2	3	4	
As tarefas axústanse ao desenvolvemento dos nosos contidos.				
A organización permite a individualización.				
A organización de grupos facilita o desenvolvemento do proceso de EN AP.				
Aproveitamento do tempo real de clase en tempo efectivo.				
O clima socioafectivo é adecuado entre mestre, alumno e grupo.				

AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE	Valoración				Propostas de mellora
	1	2	3	4	
Os alumnos/as entenden as explicacións.					
Comprenden os xogos.					
Deixase tempo para dúbidas e aclaracións.					
Respondese as dúbidas.					
Fanse correccións.					
Os xogos e tarefas son os adecuados.					
As tarefas adáptanse a todos os niveis.					
Realiza reforzo positivo.					

Enquisa para a avaliación do profesor	Si	Non	As veces
Explicouche as tarefas e para que se fan?			
Gustáronche as actividades propostos polo/a mestre/a?			
Divertícheste facéndoas?			
O mestre estivo pendente nas sesións para axudarche e corririche?			
Atopácheste motivado na práctica das actividades?			
O mestre tratoute igual que aos teus compañeiros?			
Coida o mestre o material ?			

10.- DESEÑO E AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS

A avaliación inicial realizarase durante as primeiras semanas do curso académico. Nela recolleremos información sobre:

	Instrumento de avaliación
Informes previos	Consulta de expediente
Entorno sociofamiliar Datos de interese	Entrevista coa familia Entrevista con mestres do curso pasado

AVALIACIÓN INICIAL ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA		
Indicador	Acadado	Non acadado
Amosa un axeitado coñecemento do corpo e dos seus elementos, controlándoo en situacións variadas.		
Desprazase e salta, combinando estas habilidades e adaptándose á actividade.		
Realiza xiros sinxelos sobre os eixos lonxitudinal e transversal.		
Lanza, pasar e recibir pelotas ou outros móbiles con certo control.		
Utiliza os recursos expresivos do corpo, os obxectos e os materiais para a comunicación de certas mensaxes, individualmente e en grupo.		
Manten unha predisposición positiva cara á práctica da actividade física, valorando os seus beneficios para a calidade de vida.		
Participa en xogos e en actividades deportivas con coñecemento das normas, amosando unha actitude de aceptación cara ás demais persoas.		

- Os resultados acadados nesta permitirán establecer o punto de partida para a adquisición de novas aprendizaxes.
- Levaranse a cabo as accións necesarias para acadar os ítems con dificultade.

11.- MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Na aula un/unha docente atópanse con nenos/as de moi diferentes condicións e intereses e será unha tarefa prioritaria individualizar o ensino respectando os diferentes ritmos de maduración, co fin de que todos/as acaden as súas máximas posibilidades.

Para atender a todos eles/elas o sistema educativo baséase en dous principios fundamentais: A normalización, serán atendidos con medidas o máis ordinarias posibles, e a inclusión, procurando que formen parte da clase o máximo de tempo.

A presenza do alumnado con NEAE tereina en conta para o desenvolvemento de todas as unidades didácticas e elaborareilles as adaptacións que sexan precisas en cada momento.

Por último, sempre ter presente a coordinación co titor e o departamento de Orientación para entre todos plantexar as medidas que se consideren oportunas co obxectivo de favorecer a aprendizaxe destes nenos/as

12.- CONCRECIÓN DE ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN AO LONGO DO CURSO

Baseándonos no que establece o currículo traballaremos os seguintes:

Fomentarase a equidade e inclusión educativas dos/das nenos/as con discapacidade, a non discriminación, para que poidan acceder a unha **Educación de calidade en igualdade de oportunidades de ambos sexos**: Faise necesario coidar a linguaxe, as actitudes e representacións que poidan levar certa carga de discriminación sexista. Fomentar la coeducación promovendo grupos mixtos e participando en tódalas actividades en común independentemente do sexo do alumnado.

Educación para a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social: A nosa área é privilexiada para aprender actitudes básicas para a convivencia, respecto, diálogo, solidariedade e participación. Importante as actividades e xogos de resolución de conflitos.

Educación relacionada co desenvolvemento sostible e o medioambiental: as actividades físicas realizadas no medio natural deben axudar a desenvolver actitudes de coidado e protección do entorno e de respecto a natureza, ademais de prever as situación de risco derivadas da utilización das novas tecnoloxías da información e da explotación sexual, para o cal deberíamos ter moi en conta a:

Educación sexual, para a saúde e a calidade de vida: que ademais de constituír un elemento transversal é un dos bloques de contidos da Educación Física polo que nos remitimos aos obxectivos e contidos do mesmo. A saúde será un dos grandes obxectivos da área pois o/a alumno/a deberá finalizar a etapa adquirindo un sentido da utilidade e necesidade da mesma, para unha vida máis san e de calidade, un coñecemento da súa identidade sexual e de respecto as diferencias e un interese polo coidado do seu corpo coa práctica saudable do exercicio físico, unha alimentación equilibrada e unha axeitada hixiene física e mental

Educación vial: Fomentará hábitos encamiñados á creación do sentido vial con xogos de simulación de tráfico, coñecemento de sinais ,de normas derespecto aos vehículos e peóns e outros relacionados coa noción espacial e temporal, tendentes todos eles a evitar os accidentes de tráfico e as súassecuelas, así como favorecer a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía.

Educación moral e cívica: Centrada nas actitudes da autoestima e de respecto, baseadas no coñecemento e aceptación das posibilidades e limitacións corporais e de movemento tanto propias como dos demais.

Educación para o ocio: A actividade física axuda a ocupar o tempo de lecer dunha forma positiva apartando aos nenos e nenas de conductas pouco saudables, malas compañías ao tempo que mellora e enriquece o seu desenvolvemento físico e mental con tódalas vantaxes enumeradas no desenvolvemento curricular desta área.

13.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Participamos en tódalas propostas de actividades lúdicas e recreativas para a celebración de distintos acontecementos, segundo o dispoña o Equipo de actividades complementarias e extraescolares, como as xornadas de xogos que se veñen celebrando na semana das letras galegas. Tamén solicitamos a participación no proxecto Xogade da Xunta de Galicia, buscaremos que calquera actividade que se faga teña relación ou se desenvolva a través dos contidos da educación física.

14.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROESOS DE MELLORA

	Escala			
	1	2	3	4
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
4. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
5. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				
6. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
7. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.				
8. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
9. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
10. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).				
11. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.				
12. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				
13. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				
14. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares propostos na programación				
15. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE, propostas na programación.				
16. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
17. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, instrumentos e procedementos e criterios de promoción.				
18. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
19. Contribución desde a materia/curso ao Proxecto lingüístico do centro.				
20. Contribución desta materia/curso ao plan de lectura do centro.				
21. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				
22. Contribución desta materia/curso ao Plan Proxecta				
23. Contribución desta materia/curso aos Contratos Programa				

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
RELIXIÓN CATÓLICA

5º Nivel Educación Primaria

CURSO 2021-2022

CEIP PLURILINGÜE SAN MARCOS (ABEGONDO)

ÍNDICE

1. Introducción
2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais
3. Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso
4. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábel
5. Concrecións metodolóxicas
6. Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar
7. Criterios sobre a avaliación e a cualificación
8. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente
9. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes, de ser o caso
10. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados
11. Medidas de atención á diversidade
12. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda
13. Actividades complementarias programadas
14. Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

PROGRAMACIÓN RELIXIÓN CATÓLICA

Curso 2021-2022

1. INTRODUCCIÓN

A programación didáctica que se presenta a continuación comprende o curso escolar 2021-2022. A través deste documento contéplase a actuación da mestra de Relixión Católica como membro do claustro do CEIP Plurilingüe San Marcos (Abegondo). Así, dita programación constitúe unha síntese da mensaxe cristiá, adecuada á idade do alumnado e ás necesidades deste, xunto coas demandas didácticas do sistema educativo tendo en conta os distintos plans e programas do centro e a lexislación vixente.

Na actualidade atopámonos nun proceso de cambio a nivel lexislativo, polo que é preciso nomear, por unha banda, o currículo da área de Relixión Católica desenvolto pola *Resolución de 11 de febreiro de 2015, da Dirección Xeral de Avaliación e Cooperación Territorial, pola que se publica o currículo da ensinanza de Relixión Católica da Educación Primaria e da Educación Secundaria Obrigatoria* e, por outrabanda, a *Lei orgánica 2/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación*.

Os puntos a desenvolver dítanse na *Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas da educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021/22*.

2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN QUE RECOLLA A RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS

5º Nivel de Educación Primaria.

BLOQUE 1: O SENTIDO RELIXIOSO DO HOME			
CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	
– A persoa humana foi creada con desexo de ben.	1. Recoñecer e estimar que Deus creou á persoa humana con desexo de ben.	1.1. Localiza, a través de diversas fontes, biografías que amosan o desexo humano de ben. Comparte cos seus compañeiros os rasgos máis significativos.	CL CSC
– O ser humano sinte alegría cando realiza ou recibe o ben.	2. Esforzarse por identificar que a adhesión ó ben xera felicidade.	2.1. Xustifica criticamente as consecuencias que derivan de facer o ben. 2.2. Propón situacións na historia que manifestan o beneficio de facer o ben.	CL, AA, SIEE,CEC

BLOQUE 2: A REVELACIÓN: DEUS INTERVÉN NA HISTORIA			
CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	
– Deus fai alianza co seu pobo. – Deus desexa o pobo santo: os dez mandamentos. – A Biblia: estrutura e composición.	1. Interpretar o significado da Alianza de Deus co pobo. 2. Comprender e respectar as características do pobo que Deus quere contidas no decálogo. 3. Distinguir e memorizar os distintos tipos de libros do Antigo Testamento e do Novo Testamento. 4. Explicar os diferentes autores e	1.2. Define o termo bíblico da Alianza. 1.3. Explica e sintetiza os rasgos característicos da Alianza de Deus co seu pobo. 2.1. Clasifica e é consciente do contido do decálogo. 2.2. Describe coas súas palabras experiencias da súa vida relacionadas cos mandamentos.	CL AA CSC CEC SIEE

	momentos da historia na que se compuxo a Biblia.	3.1. Nomea e clasifica os grupos de libros no Antigo e Novo Testamento.	CL CD CEC
		4.1. Confecciona materiais para ubicar cronoloxicamente os principais libros da Biblia.	CD SIEE CEC

BLOQUE 3: XESUCRISTO, CUMPRIMENTO DA HISTORIA DA SALVACIÓN			
CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	
– O encontro con Xesús desvela á persoa a súa verdadeira identidade.	1. Recoñecer en relatos evanxélicos o cambio que xera o encontro con Xesús.	1.1. Interpreta e aprecia o cambio que orixinou o encontro con Xesús nalgúns dos personaxes que aparecen nos evanxelios.	CL AA
	2. Coñecer e interpretar o significado dos milagres de Xesús como acción de Deus.	2.1. Selecciona, xustifica a elección e explica por escrito o significado dalgúns milagres. 2.2. Dramatiza con respecto algúns milagres narrados nos evanxelios.	AA CSC
– Os signos do reino: os milagres.	3. Comprender que Deus rescata a Xesús da morte.	3.1. Sinala afirmacións dos testigos recollidas nos primeiros capítulos dos Feitos dos Apóstolos onde se recoñece que a resurrección é acción de Deus. 3.2. Reconstrúe empregando as TIC os encontros co Resucitado que describen os relatos evanxélicos. 3.3. Busca e explica signos e xestos da comunidade cristiá onde se manifesta a	CL CSC CEC

– A resurrección: cumprimento do plan salvífico de Deus.		presenza de Xesús hoxe.	
		4.1. Secuencia ordenadamente escenas da Historia da Paixón e identifica as palabras de Xesús que expresan a súa relación co Pai. 4.2. Distingue e explica frases do relato da oración da Horta das Oliveiras que expresan a obediencia de Xesús ao Pai.	CMCT CD SIEE

BLOQUE 4: PERMANENCIA DE XESUCRISTO NA HISTORIA: A IGREXA			
CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	
– A Igrexa: ministerios e servizos. – A Eucaristía, renovación do sacrificio de Xesús na crus.	1. Coñecer e respectar a composición da Igrexa.	1.1. Identifica e describe os rasgos e funcións dos diferentes membros da comunidade eclesial.	CL CSC
	2. Identificar o vínculo que existe entre a Última Cea e a paixón, morte e resurrección de Cristo.	2.1. Explica e valora o significado das palabras de Xesús na Última Cea.	AA CEC
		2.2. Asocia a celebración da Eucaristía coas palabras e os xestos de Xesús na Última Cea.	CD CSC CEC

3. CONCRECIÓN, DE SER O CASO, DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

- a. Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b. Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c. Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d. Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e. Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- f. Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g. Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h. Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.

- i. Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j. Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k. Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l. Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m. Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuizos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- n. Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- o. Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

Tal e como se recolle no *Decreto 105/2014, de 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*.

As ensinanzas de relixión incluíranse na educación primaria de acordo co establecido neste decreto.

A consellería con competencias en materia de educación garantirá que, ó comezo do curso, os pais, nais ou as persoas que exerzan a tutoría legal poidan manifestar a súa vontade de que o alumnado reciba ou non ensinanzas de relixión.

A determinación do currículo da ensinanza de relixión católica e das diferentes confesións relixiosas coas que o Estado español subscribiu acordos de cooperación en materia educativa será competencia, respectivamente, da xerarquía eclesiástica e das correspondentes autoridades relixiosas.

4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE

Neste apartado recóllese a concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable tendo en conta a temporalización, o grao mínimo para superar a área e os instrumentos e procedementos de avaliación.

Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T	T	T	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación
		1	2	3	
5º- B1.1.1 - Localiza, a través de diversas fontes, biografías que mostran o desexo do ser humano do ben. Comparte cos seus compañeiros os trazos máis significativos.	Sabe localizar, biografías que mostran o desexo do ser humano do ben. Comparte cos seus compañeiros os trazos máis significativos.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Producións orais. Producións plásticas. Caderno de clase. Textos escritos. Proba obxectiva.
5º -B1.2.1 - Xustifica criticamente as consecuencias que se derivan de facer o ben.	É capaz de xustificar as consecuencias que se derivan de facer o ben.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Producións plásticas. Producións orais. Textos escritos. Caderno de clase. Proba obxectiva.
5º- B1.2.2 - Propón situacións na historia que manifestan o beneficio de facer o ben.	É capaz de propoñer situacións na historia que manifestan o beneficio de facer o ben.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Producións orais. Caderno de clase. Producións plásticas. Textos escritos. Proba obxectiva.
5º- B2.1.1 - Define o termo bíblico de Alianza.	Expresa o termo bíblico de Alianza.	X			PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Caderno de clase. Producións orais. Producións plásticas. Textos escritos. Proba obxectiva.
5º -B2.1.2 - Explica e sintetiza os trazos característicos da Alianza de Deus co seu pobo.	Resume os trazos característicos da Alianza de Deus co seu pobo.	X			PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Caderno de clase. Producións orais. Producións plásticas. Textos escritos. Proba obxectiva.

5º- B2.2.1 - Clasifica e é consciente do contido do decálogo.	Nomea e explica o decálogo.	X			<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións orais. Producións plásticas. Caderno de clase. Textos escritos. Proba obxectiva.</p>
5º- B2.2.2 - Describe coas súas palabras experiencias da súa vida relacionadas cos mandamentos.	Explica coas súas palabras experiencias da súa vida relacionadas cos mandamentos.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. Producións orais. Producións plásticas. Proba obxectiva.</p>
5º- B2.3.1 - Nomea e clasifica os grupos de libros no Antigo e Novo Testamento.	Identifica os grupos de libros no Antigo e Novo Testamento.	X			<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. Producións orais. Producións plásticas. Textos escritos. Proba obxectiva.</p>
5º- B2.4.1 - Confecciona materiais para situar cronoloxicamente os principais libros da Biblia.	Elabora materiais para situar cronoloxicamente os principais libros da Biblia	X			<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. Producións orais. Producións plásticas. Textos escritos. Proba obxectiva.</p>
5º- B3.1.1 - Interpreta e aprecia o cambio que orixinou o encontro con Xesús nalgúns dos personaxes que aparecen nos evanxeos.	Valora o cambio que orixinou o encontro con Xesús nalgúns dos personaxes que aparecen nos evanxeos.		X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. Producións orais. Producións plásticas. Proba obxectiva.</p>
5º- B3.2.1 - Selecciona, xustifica a elección e explica por escrito o significado dalgúns milagres.	Elixe e explica por escrito o significado dalgúns milagres.		X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións orais. Producións plásticas. Caderno de clase. Proba obxectiva. Textos escritos.</p>

5º -B3.2.2 - Dramatiza con respecto algúns milagres narrados nos evanxeos.	Representa con respecto algúns milagres narrados nos evanxeos.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións orais. Producións plásticas. Caderno de clase. Proba obxectiva. Textos escritos.</p>
--	--	--	--	---	---

5º -B3.3.1 - Extrapola as afirmacións das testemuñas recollidas nos primeiros capítulos dos Feitos dos Apóstolos onde se recoñece que a resurrección é acción de Deus.	Establece relación entre as afirmacións das testemuñas recollidas nos primeiros capítulos dos Feitos dos Apóstolos onde se recoñece que a resurrección é acción de Deus.			X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Cuestionarios. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Textos escritos. Cuestionario aberto. Proba obxectiva.</p>
5º -B3.3.2 - Reconstrúe utilizando as TIC os encontros co Resucitado que describen os relatos evanxélicos.	Emprega as TICS para os encontros co Resucitado que describen os relatos evanxélicos.			X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Cuestionarios. Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto. Producións motrices. Proba obxectiva.</p>
5º -B3.3.3 - Busca e explica signos e xestos da Comunidade cristiá onde se manifesta a presenza de Xesús hoxe.	E capaz de explicar signos e xestos da Comunidade cristiá onde se manifesta a presenza de Xesús hoxe.				X	<p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Cuestionarios. Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Cuestionario aberto. Asemblea.</p>
5º -B4.1.1 - Identifica e describe os trazos e funcións dos diferentes membros da comunidade eclesial.	Recoñece e nomea os trazos e funcións dos diferentes membros da comunidade eclesial.				X	<p>PROCEDEMENTOS: Cuestionarios. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto. Proba obxectiva.</p>
5º -B4.2.1 - Explica e valora o significado das palabras de Xesús na Última Cea.	Valora o significado das palabras de Xesús na Última Cea.			X		<p>PROCEDEMENTOS: Cuestionarios. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto. Proba obxectiva.</p>

5º- B4.2.2 - Asocia a celebración da Eucaristía coas palabras e os xestos de Xesús na Última Cea.	Relaciona a celebración da Eucaristía coas palabras e os xestos de Xesús na Última Cea.		X	<p>PROCEDEMENTOS: Cuestionarios. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto. Proba obxectiva.</p>
---	---	--	---	---

5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

A área de Relixión Católica, a partir do recoñecemento da propia identidade e do contorno máis próximo, inicia ao alumnado no coñecemento, na análise e na valoración do contorno físico, social e cultural. A metodoloxía proposta será a seguinte:

- a. Evocación de coñecementos previos para abordar os novos contidos.
- b. Progresiva e coidada incorporación de novos contidos, a través de exemplos extraídos de situacións cotiás e contextualizadas para o alumnado, que favorecen a súa comprensión.
- c. Exercicios e actividades adaptadas que contemplan competencias e intelixencias múltiples: traballo individual e en grupo, tarefas integradas, uso das TIC e actividades e experiencias que traballan contidos fundamentais. Facilitan a adquisición de competencias a todo o alumnado.
- d. Corrección de exercicios individualmente e colectivamente.
- e. Revisión de cadernos.

6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN UTILIZAR

Empregarase o material segundo a actividade a desenvolver, podendo adaptar este ás características do alumnado da aula.

- Material manipulativo: coloreado, recortado, pegado.
- Caderno persoal.
- Fichas.
- Recursos dixitais: vídeos, cancións, EDIXGAL.
- Biblia escolar.
- Material de elaboración persoal, xogos.

7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN E A CUALIFICACIÓN

Tal e como se recolle no *Decreto 105/2014, de 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*, a avaliación da ensinanza de relixión realizarase de acordo co establecido no artigo 12 deste decreto, *a avaliación dos procesos de*

aprendizaxe do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto de áreas, a cal inclúe a de Relixión Católica.

Os criterios de cualificación serán fundamentais para valorar o grao de adquisición das competencias, os obxectivos fixados e os estándares de aprendizaxe. No primeiro trimestre, a principio do curso, realizarase unha avaliación inicial que servirá de referencia para o desenvolvemento do currículo. Ao longo do curso realizaranse tres avaliacións, informando por escrito ao alumno e aos pais, nais e/ou titores/as legais das cualificacións obtidas.

A avaliación dos estándares de aprendizaxe da área recolleranse por medio de procedementos e instrumentos de avaliación citados anteriormente. Os distintos estándares de aprendizaxe repartiranse en unidades didácticas en cada un dos trimestres. Ao finalizar o trimestre teranse en conta os seguintes criterios de cualificación:

Ítems	Porcentaxe %
Caderno, fichas	55%
Exames	30%
Actitude e comportamento	15%

8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Ítems	INDICADORES DE LOGRO	0	1	2	3	4
Preparación da clase e dos materiais didácticos	Hai coherencia entre a programación e o desenvolvemento das unidades					
	Existe unha distribución temporal equilibrada.					
	O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo.					
Utilización dunha metodoloxía adecuada	Tivéronse en conta aprendizaxes significativas. Considérase a interdisciplinariedade (en actividades, tratamento dos contidos etc.).					
	A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumnado					
Regulación da práctica docente	Grao de seguimento do alumnado.					
	Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes.					
	Os criterios de promoción están acordados entre os					

	mestres e mestras.					
Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá aos alumnos e ás familias	Os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos.					
	Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe.					
	Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.					
	Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación déronse a coñecer: <ul style="list-style-type: none"> • Ó alumnado • Ás familias 					
Utilización de medidas para a atención á diversidade	Adóptanse medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe.					
	Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe.					
	As medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes.					
	Aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos.					

9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES, DE SER O CASO

Na actualidade non hai alumnado co área de Relixión Católica non superada. Á hora de realizar o seguimento do alumnado, empregárase a observación, probas horas e escritas, xunto coa recollida de datos por medio do caderno da mestra e rúbricas específicas para os contidos desenvolto.

No caso de que algún alumno e/ou alumna non supere a materia levarase a cabo unha proba de recuperación que incluírá os mínimos recollidos en apartados anteriores, tanto a nivel oral como escrito, facilitando a recuperación por parte do alumnado.

10. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCIA DOS SEUS RESULTADOS

Ao longo dos primeiros días do curso realizaranse actividades orais, individuais e grupais, que permitan valorar o nivel xeral que presenta o alumnado nesta área. Servirá de referencia como punto de partida para o desenvolvemento do currículo recollido na presente programación.

En relación ás medidas a desenvolver como consecuencia dos resultados, cando estes non sexan os esperados farase fincapé no reforzo ó alumnado que o require, achegando materiais para favorecer a interiorización e posterior exposición de contidos. Ademais disto, terase en conta as medidas de atención á diversidade recollidas no seguinte punto.

11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Segundo o *Decreto 229/2011, de 7 de decembro, pola que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación* teranse en conta as seguintes medidas de atención á diversidade adaptadas ás necesidades específicas de apoio educativo presentes na aula e tendo en conta a área a desenvolver e a etapa educativa.

Medidas ordinarias	Medidas extraordinarias
Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamento, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.	Adaptacións curriculares
Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado	
Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titorías entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión	
Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación	
Aulas de atención educativa e convivencia e medidas de actuación	

destinadas á mellora da convivencia
Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria
Programas de recuperación

Ademais terase en conta os protocolos relacionados coas necesidades específicas de apoio educativo <https://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/1764> e os relativos a educonvives <http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal>.

12. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO QUE CORRESPONDA

A área de Relixión Católica forma de maneira transversal, nunha serie de procedementos fundamentais para a comprensión do feito cristiá. Tal e como se recolle na lexislación vixente, *sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das disciplinas de cada curso, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as disciplinas.*

ELEMENTOS	COMO SE TRABALLA
Comprensión lectora	<ul style="list-style-type: none"> • Lectura e comprensión de pequenos textos relixiosos
Expresión oral e escrita	<ul style="list-style-type: none"> • Exposición oral e escrita dos feitos relixiosos traballados • Expresión oral e escrita das aprendizaxes
Comunicación audiovisual	<ul style="list-style-type: none"> • Proxección de diferentes vídeos • Interpretación e identificación de imaxes e símbolos relixiosos.
Tecnoloxías da Información e a Comunicación	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades TIC: actividades integradas nas secuencias de aprendizaxe • Recursos interactivos segundo temática • Ligazóns de internet

Emprendemento	<ul style="list-style-type: none"> • Utilización de estratexias para realizar actividades de forma individual e/ou en grupo • Manifestación de autonomía na planificación e execución de accións e tarefas
Educación cívica e constitucional	<ul style="list-style-type: none"> • Desenvolvemento de actitudes e comportamentos cívicos e responsables na súa contorna e nas súas actividades cotiás • Cumprimento das normas da aula • Respecto das quendas de intervencións dos demais • Comprensión e respecto á importancia do traballo en grupo e a colaboración • Respecto e valoración das experiencias e das achegas do resto dos compañeiros e compañeiras • Defensa dos dereitos e os deberes de cada membro da sociedade e valorar o diálogo como instrumento para solucionar os problemas de convivencia e transmitir ideas, pensamentos e opinións, respectando xuízos e opinións alleos • Mostrar respecto e tolerancia coas persoas que nos rodean, coa diversidade de culturas e formas de vida

13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS PROGRAMADAS

En relación ás actividades complementarias, terase en conta o Protocolo COVID e o desenvolvemento do curso en relación á este. Así levaranse a cabo saídas e traballos de campo empregando os espazos naturais e culturais arredor do centro educativo. Do mesmo xeito e aproveitando o Ano Santo tentarase realizar unha visita á espazos relacionados co mesmo, de non ser posible levarase a cabo por vía telemática e/ou dixital.

Participarase e colaborarase, dende esta área, nas actividades complementarias programadas para outras materias, xunto con aquelas indicadas para os días de conmemoración recollidos na *Orde de 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021-2022 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia*.

14. MECANISMOS DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

Atendendo ó seguimento do alumnado e do seu desenvolvemento a nivel persoal e en relación a propia área curricular, farase unha avaliación final tanto da programación como da propia función docente favorecendo a modificación da programación, de ser preciso, para o vindeiro curso escolar. Sinalar así que se trata dun documento flexible e revisable en función das distintas variables. Terase en conta a finalización das unidades e bloques de contidos, os trimestres e de xeito anual o final do curso. Os criterios as seguir serán:

- Seguimento da temporalización das unidades e bloques para o curso actual.
- Consecución dos contidos mínimos por parte do alumnado.
- Dificultades observadas.
- Desenvolvemento de competencias.
- Resultados das probas obxectivas.